

## 1.2. Produción

O PRODUTO INTERIOR BRUTO (PIB) A PREZOS DE MERCADO, PREZOS CONSTANTES, QUE MANTIVO NO CONXUNTO DO ANO 2007 unha taxa de crecemento superior ao 4%, continuou medrando por riba da media europea e española. Con todo, cómpre salientar que os datos trimestrais reflicten unha lixeira desaceleración da economía galega no derradeiro trimestre do ano, por mor, basicamente, da acusada ralentización experimentada nas actividades industriais. Se se comparan as taxas de crecemento interanuais do primeiro e cuarto trimestre do ano, todos os sectores, agás o enerxético e industrial, presentan taxas superiores no derradeiro trimestre.

En termos monetarios (prezos correntes), o PIB galego medrou un 7,1% respecto ao ano anterior, rexistrando a construción un incremento do 9,6% e as ramas industriais (sen enerxía) e o sector servizos unhas taxas de crecemento do 7,8% e 7,4%, respectivamente.

No que á contribución dos diferentes sectores ao crecemento do PIB, que mide o efecto conxunto das súas taxas de crecemento e do seu peso na economía, o sector servizos achega máis da metade do crecemento acumulado do PIB. Do incremento do 7,1%, 4,1 puntos corresponden ao devandito sector, fronte aos 1,3 puntos porcentuais da construción e 1,1 puntos das ramas industriais (sen a enerxía). As achegas dos sectores primario e enerxético ascenderon ao 0,2 e 0,1 puntos, respectivamente.

Tendo en conta as taxas de crecemento da economía de Galicia e de España, o peso relativo da economía galega no total estatal mantense relativamente constante ao longo dos últimos anos. Como reflicte o **cadro 1.6.1**. [Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2001–07], o peso do PIB galego a prezos de mercado no total estatal sitúase no 5,13% en 2001 e o 5,14% de 2007.

O forte ritmo de crecemento da actividade económica non se trasladou totalmente ao mercado de traballo galego, no senso en que a poboación ocupada en Galicia medrou un 2,5% en relación ao ano anterior, medio punto menos que o rexistrado en 2006. Esta evolución ven motivada pola desaceleración experimentada fundamentalmente nos sectores da construción e os servizos, en tanto que o número de traballadores ocupados no con-

**Taxas de variación anual do VEB (1) e do emprego en Galicia 2006-07:  
distribución segundo sectores económicos**

	06/05		07/06	
	VEB	Emprego	VEB	Emprego
	(%)		(%)	
Primario	1,9	-2,4	2,3	-2,3
Industria				
Energía	3,6	-2,9	1,5	-6,1
Industria	4,7	1,9	4,0	3,6
Construción	4,2	5,6	4,3	4,5
Servizos	3,9	4,3	4,2	3,4
de mercado	4,1	4,5	4,2	3,5
non de mercado	3,6	3,7	4,1	3,1
<b>Total PIB pm</b>	<b>4,1</b>		<b>4,0</b>	
<b>Total emprego</b>		<b>3,4</b>		<b>2,9</b>

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 2000)

(2) Os datos do emprego corresponden aos de postos de traballo, Cont. Trimestral

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

### 1.2.1.

xunto de actividades industriais, a diferenza do que aconteceu no ano precedente, medrou en 2007.

A produtividade aparente do factor traballo, medida como o cociente entre o PIB a prezos de mercado (prezos correntes) e a ocupación, tras unha medra do 4,5% respecto ao ano anterior, situouse en Galicia nos 45.246,41 euros por ocupado (o 87,7% da media española). Os sectores primario e industrial, a pesar de seren novamente os que rexistran as maiores taxas de crecemento (11,8% e 5,7%, respectivamente), seguen presentando as produtividades aparentes máis baixas, acadando o 78,1% da media española no caso do sector primario e o 85,9% no caso da industria. A produtividade aparente dos sector servizos é do 87,8% da media estatal mentres que no sector da construción, a produtividade aparente do factor traballo segue sendo superior á media española (104,5%).

#### Sector primario e industrias relacionadas

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) volveu a rexistrar unha taxa de crecemento positiva respecto á produción do ano anterior. No último ano este sector creceu un 2,3%, catro décimas máis que en 2006. Dende a perspectiva trimestral, as taxas de crecemento experimentaron taxas positivas nos catro trimestres do ano, sendo á mais elevada a rexistrada no terceiro trimestre do ano, cun 3%, fronte ao 0,7% do primeiro trimestre.

En termos absolutos, o VEB en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) acadou en 2007, segundo os datos da Contabilidade regional do INE, os 2.377,7 millóns de euros, o que representa o 8,7% do VEB xerado polo sector no conxunto das CC.AA. Galicia segue sendo a quinta comunidade en canto ao peso relativo do sector no conxunto do Estado, por detrás de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha e Cataluña.

No que atinxe ao peso do VEB no conxunto da economía galega, cómpre salientar que o sector primario galego ten un peso superior ao rexistrado no conxunto do Estado, ao representar o 4,9% do seu VEB a prezos básicos xerado (prezos correntes), dous puntos por riba da media en España.

A pesar do devandito crecemento da actividade agraria, mantense o proceso de redución do emprego no sector. Segundo os datos da EPA, o número de traballadores ocupados no conxunto das actividades agrícolas, pesqueiras e forestais descendeu en 7.800 persoas (un 7% respecto ao ano anterior), acadando as 103.100 persoas. A importancia relativa da ocupación no total galego acadou no último ano o 8,6%, sendo esta porcentaxe máis de tres puntos e medio por riba do peso relativo do VEB xerado polo sector (4,9%).

Produto Interior Bruto a prezos de mercado das CC-AA. 2007: distribución segundo ramas de actividade (1)

	Agricultura, gandería e pesca	Energía	Industria	Construción	Servizos	VEB prezos básicos
	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)
Andalucía	6.377.482	4.431.659	11.979.432	19.229.640	88.899.628	130.917.841
Aragón	1.262.743	854.967	6.117.289	3.602.204	17.377.397	29.214.600
Asturias	436.439	945.753	3.675.563	2.867.376	12.275.714	20.100.845
Baleares	249.518	440.459	1.205.502	2.623.779	18.729.697	23.248.865
Canarias	469.884	1.099.630	1.662.600	4.746.263	29.964.524	37.963.121
Cantabria	380.209	271.608	2.211.178	1.674.096	7.334.943	11.872.034
Casteila e León	3.688.748	1.914.587	7.909.132	6.240.528	30.659.140	50.412.135
Casteila-A Mancha	2.920.957	1.852.159	4.891.210	4.736.149	18.040.801	32.441.276
Cataluña	2.527.517	3.755.570	36.387.037	18.501.466	114.958.219	176.128.809
C. Valenciana	2.067.491	1.802.582	15.023.564	11.892.532	60.979.903	91.766.072
Extremadura	1.418.470	529.410	1.050.558	2.574.233	9.932.256	15.504.927
Galicia	2.377.749	2.397.590	7.312.973	6.572.679	29.725.096	48.386.087
Madrid	279.943	3.526.785	18.093.285	17.950.025	124.169.129	164.019.167
Murcia	1.253.393	1.089.643	3.264.530	3.048.974	15.750.962	24.407.502
Navarra	445.447	307.864	4.211.431	1.849.204	9.045.528	15.859.474
País Vasco	684.161	2.395.828	15.207.558	6.017.493	34.074.554	58.379.594
A Rioxa	468.601	103.368	1.668.338	811.998	3.795.609	6.847.914
Ceuta e Melilla	13.248	87.338	66.820	242.341	2.296.092	2.705.639
<b>Total</b>	<b>27.342.000</b>	<b>27.807.000</b>	<b>141.838.000</b>	<b>115.181.000</b>	<b>628.029.092</b>	<b>940.197.092</b>

(1) PIB a prezos básicos (prezos correntes) calculado cos 1ª estimación para o 2007  
 Fonte: INE, Contabilidade Regional de España

- 1.1.
- 1.2.**
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

## Distribución xeral da terra en Galicia e España 2007

	Galicia		España		G/E
	(en Ha.)	(%)	(en Ha.)	(%)	
<b>Total superficie cultivada</b>	404.509	13,7	17.531.798	34,7	2,3
Cereais gran	41.248	1,4	6.372.098	12,6	0,6
Tubérculos consumo humano	12.958	0,4	63.634	0,1	20,4
Forraxeiras	246.839	8,3	930.901	1,8	26,5
Barbeitos e posios	30.671	1,0	3.663.625	7,2	0,8
Frutais	15.658	0,5	1.362.326	2,7	1,1
Viñedo	25.232	0,9	1.157.853	2,3	2,2
Hortos familiares	28.670	1,0	109.476	0,2	26,2
Outros	3.233	0,1	3.871.885	7,7	0,1
<b>Total prados e pasteiros</b>	468.174	15,8	7.568.517	15,0	6,2
<b>Total superficie forestal</b>	1.788.367	60,5	18.831.263	37,3	9,5
Coníferas	323.498	10,9	5.916.556	11,7	5,5
Frondosas	598.533	20,2	3.824.107	7,6	15,7
Coníferas e frondosas	255.663	8,6	1.343.481	2,7	19,0
Chopo	547	0,0	134.748	0,3	0,4
Matorral	610.126	20,6	7.612.371	15,1	8,0
<b>Outras superficies</b>	308.196	10,4	6.560.393	13,0	4,7
Non agrícola	204.741	6,9	2.222.427	4,4	9,2
Improdutivo	35.375	1,2	1.099.786	2,2	3,2
Baldío	49.049	1,7	965.301	1,9	5,1
Resto	19.031	0,6	2.272.879	4,5	0,8
<b>Superficie total</b>	2.956.485	100	50.535.560	100	5,9
<b>Superficie Agraria Útil (1)</b>	872.683	29,5	25.100.315	49,7	3,5

(1) A superficie agraria útil (SAU) inclúe as terras de cultivos e os prados e pasteiros exclusivamente, mentres que en anos anteriores incluía tamén o monte aberto.

(2) os datos refírense á cuberta do chan no momento da investigación do campo (verán 2005) da enquisa sobre superficies.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

1.1.

1.2.3.

1.2.

Comparado co total estatal, Galicia acolle o 12,5% das persoas ocupadas nestas ramas de actividade, oito décimas máis que en 2006.

1.3.

1.4.

Se consideramos tanto as ramas primarias como as industrias relacionadas co sector-industrias relacionadas coa alimentación e a industria da madeira-, o número de persoas ocupadas neste sector primario "ampliado" experimenta un descenso do 4,4% (7.400 persoas menos que en 2006), situándose nos 160.300 traballadores. Estas actividades acollen o 13,4% das ocupacións totais en Galicia, un punto porcentual menos que no ano precedente. O devandito descenso débese, fundamentalmente, á caída experimentada nas actividades de agrícolas e gandeiras, cunhas 7.000 persoas ocupadas menos, ademais de na pesca e na industria madeireira, con 800 persoas menos cada unha. Por contra, o número de traballadores das empresas de actividades relacionadas coa alimentación medrou en torno ás 1.300 persoas.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 1.2.3.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 29,5% da superficie xeográfica (2.956,5 miles de hectáreas), sendo a media estatal do 49,7%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 13,7% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 34,7%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 60,5% da superficie total galega, ascendendo esta porcentaxe ao 37,3%, no conxunto do Estado. O peso relativo da superficie correspondente a prados e pasteiros é similar en Galicia e España, co 15,8% e 15%, respectivamente.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

Dende un punto normativo destaca a aprobación da Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativa se tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, que ten como fin último o de frear a perda de superficies de aptitude agraria coa intención de aumentar a riqueza do país a través da posta en valor daquelas terras que contan con esa aptitude. Asemade, a Resolución do 14 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Rural, determina o inicio de actividades do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal).

**Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia**

A exposición de motivos da lei establece que dada a elevada fragmentación da propiedade da terra nun elevado número de parcelas de pouca dimensión, a caída do número de explotacións, e en moitos casos, o abandono, a mínima relevancia xeracional ao non dispoñer dunha superficie adecuada que garanta un nivel de rendas suficientes, así como a importante función social da propiedade da terra, fai necesario levar a cabo unha mobilización de recursos que permita o redimensionamento das explotacións e a ampliación da base territorial das explotacións existentes, de xeito que se convertan nun factor de riqueza colectiva.

No seu artigo 1 establece que o seu **obxecto** é regular o uso racional da superficie agraria útil na procura da súa conservación e de evitar o seu abandono, para o que se articulan medidas que favorezan e dinamicen a oferta e a demanda como a constitución do Banco de Terras de Galicia (Bantegal), o establecemento do seu réxime xurídico, o regulamento tanto dos diferentes procedementos de incorporación de predios do Banco de Terras e da súa cesión como o procedemento para a declaración de predios incultos ou abandonados que posibilite a realización de prácticas agronómicas de conservación e a preservación do contorno e das condicións ambientais, ou o establecemento dun réxime sancionador correspondente á accións e ás omisións descritas nesta lei.

A lei considera que o Banco de Terras terá como función fundamental acadar a mobilización das superficies agrarias útiles improdutivas, favorecendo o redimensionamento das explotacións.

O Consello Económico e Social de Galicia, no seu *Ditame 1/07 sobre o anteproxecto de Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia*, reflicte nas súas consideracións xerais o apoio á articulación dun Fondo de Terras como mecanismo que favoreza o mercado e sirva para mellorar a base territorial das explotacións, fomenta a modernización, o desenvolvemento agrario e social e garante o cultivo racional, persoal e directo da terra.

Asemade, dada a súa tardía implantación, considera necesario que se articulen outras actuacións que favorezan conxuntamente os obxectivos perseguidos, como a posta en marcha dun proxecto destinado a rematar os procesos xa iniciados de concentración parcelaria, e proceder a decretar, con carácter de urxencia, todas aquelas zonas de interese agrario, gandeiro e forestal. Estima ademais, que poderían articularse procedementos que estimulen os arrendamentos, as permutas e os intercambios entre particulares baseados en incentivos fiscais, tributarios e económicos.

● **Subsector agrogandeiro**

As macromagnitudes agrarias, que reflicten o movemento económico xerado ao redor do sector agrario nun exercicio, indican que a renda agraria acadou en 2004 (ultimo dato dispoñible) os 1.066,6 millóns de euros. O **cadro 1.2.4.** reflicte que o 29,2% da renda agraria (311,4 millóns de euros) xerouse en Pontevedra, situándose esta porcentaxe no 28,4% (303,0 millóns de euros) en A Coruña e en 25,9% e 16,5%, respectivamente, en Lugo e Ourense (276,5 e 175,6 millóns de euros, respectivamente).

O valor final da produción das ramas agrarias ascendeu a 2.153,5 millóns de euros, dos que o 61,4% corresponde o subsector gandeiro, fronte ao 34,7% do subsector agrícola e o 3,9% aos servizos e actividades secundarias non agrarias (entre outras, a transformación do leite nas propias explotacións ou os beneficios de actividades coma a caza).

1.1.

**1.2.**

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Macromagnitudes agrarias 2004: renda agraria (1)

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en millóns de €)				
<b>A - Conta de produción</b>					
Produción da rama agraria	2.153,5	677,5	639,8	366,3	470,0
Consumos intermedios	934,7	304,1	317,0	168,9	144,5
Valor Engadido Bruto a prezos básicos	1.218,8	373,3	322,8	197,3	325,4
Consumo de capital fixo	268,8	101,0	89,9	40,7	37,2
Bens de equipamento	239,5	93,1	82,9	33,1	30,4
Construcións	29,3	7,9	7,1	7,6	6,8
Valor Engadido Neto a prezos básicos	950,1	272,3	232,9	156,7	288,2
<b>B - Conta de explotación</b>					
Outros impostos sobre a produción	3,8	1,5	1,5	0,4	0,4
Outras subvencións á produción	120,3	32,1	45,2	19,4	23,6
Renda agraria	1.066,6	303,0	276,5	175,6	311,4

(1) As macromagnitudes agrarias reflicten o movemento económico xerado ao redor do sector agrario nun exercicio.  
Fonte: Consellería do Medio Rural, Anuario de Estatística Agraria

## 1.2.4.

## Macromagnitudes do subsector agrícola e gandeiro 2004

	Produción final	Subvención	Valor a prezos básicos
	(en miles de €)		
Cereais	44.894,1	9.681,0	54.575,1
Leguminosas	4.505,8	20,0	4.525,8
Pallas	4.597,4	-	4.597,4
Tubérculos	146.240,9	-	146.240,9
Cultivos forraxeiros	3.756,5	9.309,0	13.065,5
Pastos accidentais e prados naturais	109.918,2	-	109.918,2
Hortalizas	111.025,7	-	111.025,7
Cítricos	947,7	-	947,7
Froitas non cítricas	60.598,1	-	60.598,1
Uvas	106.392,1	-	106.392,1
Viño e subprodutos	86.112,9	-	86.112,9
Flores e plantas ornamentais	48.406,3	-	48.406,3
Sementes selectas e pés agrícolas	157,1	-	157,1
<b>Total subsector gandeiro</b>	<b>727.553,0</b>	<b>19.010,0</b>	<b>746.563,0</b>
Carne e gando	530.178,2	73.535,0	603.713,2
Vacún	215.535,5	69.380,0	284.915,5
Ovino	4.579,7	4.155,0	8.734,7
Caprún	1.326,9	-	1.326,9
Porcino	112.509,2	-	112.509,2
Aves de corral	173.874,2	-	173.874,2
Coellos	19.527,8	-	19.527,8
Equino	2.824,9	-	2.824,9
Producións animais	718.676,6	-	718.676,6
Leite	655.964,6	-	655.964,6
Ovos	56.050,8	-	56.050,8
La	72,8	-	72,8
Esterco	-	-	-
Traballo animal	-	-	-
Varios	6.588,3	-	6.588,3
<b>Total subsector gandeiro</b>	<b>1.248.854,8</b>	<b>73.535,0</b>	<b>1.322.389,8</b>

(1) Datos provisionais.

Fonte: Consellería do Medio Rural, Anuario de Estatística Agraria

## 1.2.5.

**Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2005-06**

	2005		2006 (1)		06/05	
	(en miles de Tm.)	(%)	(en miles de Tm.)	(%)	(%)	(en miles Tm.)
Andalucía	492,5	7,5	492,5	7,6	0,0	0,0
Aragón	72,4	1,1	71,4	1,1	-1,4	-1,0
Asturias	662,2	10,1	652,9	10,0	-1,4	-9,3
Baleares	71,7	1,1	70,7	1,1	-1,4	-1,0
Canarias	46,3	0,7	46,3	0,7	0,0	0,0
Cantabria	503,6	7,7	496,6	7,6	-1,4	-7,0
Castela e León	972,6	14,8	959,0	14,8	-1,4	-13,6
Castela-A Mancha	192,2	2,9	192,2	3,0	0,0	0,0
Cataluña	607,0	9,2	598,5	9,2	-1,4	-8,5
C. Valenciana	47,4	0,7	47,4	0,7	0,0	0,0
Extremadura	45,1	0,7	45,1	0,7	0,0	0,0
<b>Galicia</b>	<b>2.325,9</b>	<b>35,4</b>	<b>2.293,3</b>	<b>35,3</b>	<b>-1,4</b>	<b>-32,6</b>
Madrid	83,7	1,3	83,7	1,3	0,0	0,0
Murcia	32,9	0,5	32,9	0,5	0,0	0,0
Navarra	176,5	2,7	174,1	2,7	-1,4	-2,4
País Vasco	230,3	3,5	227,1	3,5	-1,4	-3,2
A Ríoxa	15,1	0,2	14,9	0,2	-1,3	-0,2
<b>Total</b>	<b>6.577,4</b>	<b>100</b>	<b>6.498,6</b>	<b>100</b>	<b>-1,2</b>	<b>-78,8</b>

(1) Datos provisionais  
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

1.2.6.

**Cota leiteira dispoñible e expedientes aceptados de transferencias, cesións e abandonos de cota nas CC.AA. na campaña 2006-07.**

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas		Abandonos	
	Nº	toneladas	Nº	toneladas	Nº	toneladas	Nº	toneladas
Andalucía	919	445.299,6	21	8.084	270	11.885	51	11.933
Aragón	111	89.471,0	3	1.351	12	592	13	3.841
Asturias	3.745	626.552,1	146	28.394	285	8.941	458	41.379
Baleares	233	86.203,5	4	1.878	32	2.839	4	545
Cantabria	2.287	468.124,5	62	11.662	220	7.052	236	25.269
Castela-A Mancha	357	182.166,5	13	8.641	131	6.608	34	5.981
Castela e León	2.839	812.076,1	62	19.894	267	12.065	328	35.601
Cataluña	982	584.646,6	25	13.075	85	6.186	95	24.791
C. Valenciana	31	41.020,1	-	-	4	550	-	-
Extremadura	175	34.214,0	1	848	38	1.988	20	2.306
<b>Galicia</b>	<b>15.767</b>	<b>2.187.492,2</b>	<b>1.182</b>	<b>215.802</b>	<b>470</b>	<b>13.217</b>	<b>1.058</b>	<b>49.389</b>
Madrid	104	70.256,2	2	293	57	3.429	5	1.571
Murcia	29	29.958,5	-	-	15	2.290	-	-
Navarra	306	187.299,1	9	3.911	24	921	23	5.045
País Vasco	711	229.040,7	23	7.951	35	2.081	105	12.030
A Ríoxa	20	15.078,1	-	-	1	45	3	357
<b>Total</b>	<b>28.616</b>	<b>6.088.898,7</b>	<b>1.553</b>	<b>321.784</b>	<b>1.946</b>	<b>80.689</b>	<b>2.433</b>	<b>220.038</b>
<b>Galicia / España (%)</b>	<b>55,1</b>	<b>35,9</b>	<b>76,1</b>	<b>67,1</b>	<b>24,2</b>	<b>16,4</b>	<b>43,5</b>	<b>22,4</b>

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

1.2.7.

O valor engadido bruto a prezos básicos acadou os 1.218,8 millóns de euros e o consumo de capital fixo os 268,8 millóns, polo que o valor engadido neto a prezos básicos ascendeu a 950,1 millóns de euros. O 30,3% do valor engadido neto xerouse na provincia de Pontevedra, e un 28,7%, en A Coruña.

No que atinxe aos consumos intermedios, que inclúen todos os gastos xerados no proceso de produción dos distintos subsectores (os efectuados fóra do sector agrario e máis aqueles procedentes da valoración dunha boa parte dos reempregos utilizados nas propias explotacións agrarias), estes acadaron no ano 2004 (último dato dispoñible) un valor de 934,7 millóns de euros. Desta contía, a provincia de Lugo representa o 33,9% e a de A Coruña, o 32,5%.

Fronte ao descenso do consumo de elementos fertilizantes en Galicia en 2006, no último ano prodúcese unha medra do mesmo tanto no caso dos fertilizantes nitroxena-

dos, fosfatados e potásicos. En 2007 consumíronse un total de 68,9 miles de toneladas de elementos fertilizantes, un 23% máis que no ano anterior, o que a converte na novena comunidade en canto ao consumo dos mesmos, por detrás de Castela León, Andalucía, Castela A Mancha, a C. Valenciana, Aragón, Murcia, Cataluña e Extremadura. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 3,5% do total consumido en España, catro décimas máis que en 2006.

O valor total da produción a prezos do produtor da actividade agrícola acadou en 2004 (último dato dispoñible) os 727,6 millóns de euros (as subvencións ascenderon a 19,0 millóns de euros). A quinta parte corresponde á produción de tubérculos, seguida pola produción de hortalizas e pastos accidentais e prados naturais, co 15% cada unha (**cadro 1.2.5.**).

Pola súa banda, a produción final do subsector gandeiro ascendeu ata os 1.322,4 millóns de euros (valor a prezos básicos), dos que 718,7 corresponden ás producións animais e 603,7 millóns aos produtos de carne e gando. O valor a prezos do produtor ascendeu a 1.248,8 millóns de euros e as subvencións destinadas aos grupos de produtos de carne e gando de vacún e ovino, a 73,5 millóns.

Entre os distintos subsectores gandeiros cómpre salientar a importancia do subsector lácteo en Galicia, xa que o valor da súa produción a prezos de produtor ascendeu a 656,0 millóns de euros, case a metade do valor total do subsector gandeiro.

A pesar do descenso da produción de leite de vaca nas explotacións galegas, esta segue representando máis do 35% da produción española de 2006 (último dato dispoñible). En Galicia producíronse un total de 2.293,3 miles de toneladas, 32,6 miles de toneladas menos que no ano anterior.

A cota leiteira dispoñible na comunidade autónoma de Galicia na campaña 2006/07, **cadro 1.2.7.**, foi de 2.187,5 miles de toneladas, o que representa o 36% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55% das explotacións con dereito a cota. A pesar da medra do volume total de cota por explotación, que ascendeu nesa campaña a 138,7 miles de toneladas (212,8 miles de toneladas no conxunto do Estado), Galicia segue a ser a C.A. con menor ratio cota/explotación.

A análise da produción no subsector agrogandeiro cómpre finalizala facendo referencia aos principais datos da produción de produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade. No caso concreto da agricultura, os produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade son o viño, augardente, agricultura ecolóxica, pataca e pan de Cea, e no caso da gandería, o queixo, a “ternera gallega”, o lacón e o mel (**cadro 1.2.8.**).

#### • Subsector mar-industria

A produción pesqueira e a facturación total das distintas lonxas galegas rexistraron unha nova medra ao longo do ano 2007. A produción pesqueira e marisqueira en primeira venda fíxoo nun 1,7% en relación á produción do ano anterior, acadando un total de 172,3 miles de toneladas. O seu valor en primeira venda aumentou un 7,1%, situándose nos 463,4 millóns de euros. A pesar de que no último ano segue diminuíndo o ritmo de crecemento da produción (4,6% en 2006), o seu valor en primeira venda medrou máis de dous puntos por riba do que o fixera no ano precedente.

O grupo de especies máis importante é o de “peixes”, que representa o 86,8% da produción e o 70,3% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción descende lixeiramente (0,8%) en tanto que o seu valor en primeira venda medrou un 5,4%. (**cadro 1.2.9.**)

Se se desagrega a análise segundo zonas de produción, a Mariña lucense, Vigo e Arousa son as que presentan o maior volume de descargas, ao acoller o 67% do valor total de Galicia. Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, cómpre salientar o forte crecemento rexistrado en Arousa e A Mariña, cun incremento de 5.489 (17,3%) e 2.037,7 miles de toneladas (5,3%) máis, respectivamente, así como a caída experimentada en

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.



**Produtos galegos con indicativo de calidade 2007**

	Denominación de Orixe de Viños				
	Ribeiro	Valdeorras	Rías Baixas	Monterrei	Ribeira Sacra
Viticultores	6.022	2.024	6.511	617	2.870
Adegas	116	41	194	20	100
Superficie inscrita (Ha)	2.731	1.352	3.496	702	1.222
Produción (en Hl)	107.250	35.394	178.004	6.232	30.816

**Denominación Específica Orujo de Galicia / Augardente de Galicia**

Galicia	
Produtores	112
Envelledores	14
Elaboradores-embotelladores	32
Produción (litros)	105.186

**Denominación Específica Pataca de Galicia**

Galicia	
Produtores	732
Envasadores	11
Superficie controlada (en ha)	532
Patata certificada (en tm)	6.521.613

**Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega**

Galicia	
Gandeiros	6.364
Matadoiros	45
Sás de despezamento	27
Canais certificadas	74.945
Produción certificada (en tm)	16.206

**Indicación Xeográfica Protexida Lacón Gallego**

Galicia	
Explotacións	117
Ind. cárnicas elaboración	17
Produción certificada (pezas)	7.759
Produción (en kg)	27.458

**Queixo: Denominacións de orixe**

	Queixo Tetilla	Arzúa - Ulloa	San Simón da Costa	Queixo do Cebreiro
Queixerías	31	19	8	2
Produción (en tm)	2.841.000	2.177.992	315.814	7

**Denominación Específica Mel de Galicia**

Galicia	
Apicultores	410
Colmeas	30.952
Envasadores	38
Mel certificada (Kg)	303.990

**Agricultura ecolóxica**

Superficie inscrita (en Ha.)	10.895
Agricultores	262
Gandeiros	146
Industrias	65

**Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea**

Fornos	15
Produto certificado (Kg)	332.746

Fonte: Consellería do Medio Rural

1.2.8.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

**Actividade pesqueira e marisqueira en Galicia 2006-07: distribución segundo provincia e grandes grupos de especies**

	Produción			Valor		
	2006	2007	'07/06	2006	2007	'07/06
	(en Kg.)		(%)	(en €)		(%)
<b>Galicia</b>	169.325.898	172.248.797	1,7	432.724.128	463.429.949	7,1
Algas	49.242	89.358	81,5	28.879	70.355	143,6
Bivalvos	7.895.194	10.282.715	30,2	65.314.484	74.619.909	14,2
Cefalópodos	7.536.833	9.668.401	28,3	17.735.654	26.030.221	46,8
Crustáceos	2.235.886	1.809.534	-19,1	38.445.357	34.629.141	-9,9
Equinodermos	737.808	701.782	-4,9	1.469.808	1.698.607	15,6
Gasterópodos	15.039	12.939	-14,0	32.458	28.871	-11,1
Peixes	150.712.005	149.562.191	-0,8	308.986.814	325.649.031	5,4
Resto das descargas	143.891	121.877	-15,3	710.674	703.814	-1,0
<b>A Coruña</b>	81.464.533	82.544.468	1,3	182.702.638	189.544.855	3,7
Algas	3.111	8.174	162,7	3.111	9.437	203,3
Bivalvos	3.825.897	4.559.271	19,2	31.090.763	31.929.802	2,7
Cefalópodos	2.182.898	3.468.035	58,9	8.004.659	11.763.767	47,0
Crustáceos	1.645.707	1.250.831	-24,0	27.269.419	23.436.151	-14,1
Equinodermos	503.810	422.418	-16,2	982.902	983.424	0,1
Gasterópodos	1.779	3.773	112,1	5.858	9.561	63,2
Peixes	73.251.684	72.779.373	-0,6	115.048.957	121.071.917	5,2
Resto das descargas	49.647	52.593	5,9	296.969	340.796	14,8
<b>Lugo</b>	38.559.228	40.608.141	5,3	92.188.962	100.336.098	8,8
Bivalvos	11.993	20.589	71,7	98.892	138.052	39,6
Cefalópodos	467.205	1.003.222	114,7	1.607.817	2.708.341	68,4
Crustáceos	123.454	72.115	-41,6	1.552.182	990.583	-36,2
Equinodermos	16.004	13.508	-15,6	33.936	31.373	-7,6
Gasterópodos	8.592	5.625	-34,5	16.782	10.725	-36,1
Peixes	37.843.424	39.432.913	4,2	88.497.370	96.166.087	8,7
Resto das descargas	88.556	60.169	-32,1	381.983	290.937	-23,8
<b>Pontevedra</b>	49.302.137	49.096.188	-0,4	157.832.528	173.548.996	10,0
Algas	46.131	81.184	98,0	25.768	60.918	-
Bivalvos	4.057.304	5.702.855	16,7	34.124.829	42.552.055	24,7
Cefalópodos	4.886.730	5.197.144	1,0	8.123.178	11.558.113	42,3
Crustáceos	466.725	486.588	123,2	9.623.756	10.202.407	6,0
Equinodermos	217.994	265.856	22,0	452.970	683.810	51,0
Gasterópodos	4.668	3.541	-24,1	9.818	8.585	-12,6
Peixes	39.616.897	37.349.905	-5,7	105.440.487	108.411.027	2,8
Resto das descargas	5.688	9.115	60,2	31.722	72.081	127,2

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Anuario de pesca de Galicia

**1.2.9.**

**Actividade pesqueira e marisqueira nas lonxas máis importantes 2006-07: produción e ingresos xerados pola súa primeira venda**

	Produción			Valor		
	2006	2007	'07/06	2006	2007	'07/06
	(en Kg.)		(%)	(en €)		(%)
<b>Vigo (Asoc. Vendedores)</b>	36.928.259	34.150.301	-7,5	97.746.547	102.366.512	4,7
<b>Ribeira</b>	27.026.607	30.530.564	13,0	32.048.291	36.740.879	14,6
<b>A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)</b>	25.891.755	25.747.091	-0,6	85.738.854	89.851.827	4,8
<b>Burela</b>	19.690.884	20.567.358	4,5	46.217.010	51.898.833	12,3
<b>Celeiro</b>	18.730.266	19.916.690	6,3	44.869.213	47.495.941	5,9
<b>Portosín</b>	6.960.434	7.272.735	4,5	3.235.597	3.588.863	10,9
<b>Camariñas</b>	4.434.356	3.497.334	-21,1	4.229.030	3.619.560	-14,4
<b>Muros</b>	3.667.068	3.145.082	-14,2	5.733.113	4.821.114	-15,9
<b>Sada</b>	3.158.053	2.934.289	-7,1	1.894.146	1.809.981	-4,4
<b>Noia</b>	1.704.539	2.229.543	30,8	13.302.706	13.214.807	-0,7
<b>Portonovo</b>	1.773.466	2.174.929	22,6	1.994.122	2.433.270	22,0
<b>Malpica</b>	2.860.551	1.864.331	-34,8	5.016.186	4.503.888	-10,2
<b>Marín (San Miguel)</b>	1.522.503	1.827.524	20,0	3.327.706	3.198.198	-3,9
<b>Cambados</b>	1.605.179	1.505.728	-6,2	5.580.027	7.389.599	32,4
<b>Cariño</b>	1.843.653	1.195.313	-35,2	1.801.374	1.672.244	-7,2
<b>Carril</b>	315.886	1.157.854	266,5	2.478.568	5.385.713	117,3
<b>Marín (Pescados Touza)</b>	1.113.622	1.102.510	-1,0	3.232.950	3.160.905	-2,2
<b>Vigo (J. Cabaleiro)</b>	830.917	1.071.884	29,0	2.497.166	3.254.778	30,3
<b>Cedeira</b>	1.088.334	956.370	-12,1	8.745.941	7.676.598	-12,2
<b>Bueu</b>	696.425	870.175	24,9	2.819.428	3.354.788	19,0

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Anuario de pesca de Galicia

**1.2.10.**

Vigo e a Costa da Morte, con 2.514,3 (6,3%) e 2.043,0 miles de toneladas (26%) menos, respectivamente.

A lonxa do porto de Vigo (Asociación de vendedores) segue sendo a máis importante en termos de produción e de ingresos xerados pola súa primeira venda. Tras un descenso do 7,5% respecto ao ano 2006, a produción acadou as 34.150,3 toneladas e os seus ingresos, que medraron un 4,7%, os 102,4 millóns de euros. En termos da produción galega e do valor total da mesma, o porto de Vigo acolle o 19,8% da produción e o 22,1% do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

#### • Subsector silvicultura-madeira

No que atinxe á industria forestal, que contribúe a reducir o impacto dos desequilibrios territoriais entre o interior e a costa, máis de 40.000 propietarios venderon madeira ao longo do ano 2007, acadando un volume de cortas de 7,4 millóns de metros cúbicos. Destas, o 50,9% corresponden a coníferas, un 42,8% a eucalipto, e o 6,3% restante, a “outras frondosas”.

A facturación das empresas de primeira transformación medrou un 6,2% respecto ao ano 2006, tres décimas máis que no ano anterior, acadando os 1.645 millóns de euros. Segundo os datos do clúster da madeira, estas actividades xeran en torno aos 10.000 empregos directos en Galicia e preto de 50.000, entre directos e indirectos.

As actividades que xeran unha maior facturación son as correspondentes ao taboleiro e pasta de papel, que, tras un descenso do 1,2%, acadan os 904 millóns de euros. A caída do 1,2% ven explicada polo descenso do 3% no subsector de taboleiro, que supera a medra experimentada no caso da pasta de papel, un 2%.

Por contra, o incremento do subsector do aserrado e os remates foi dun 17%, acadando os 375 e 366 millóns de euros, respectivamente. Dentro destes subsectores cómpre salientar a medra rexistrada polas actividades de envases e embalaxes, cunha medra da súa produción próxima ao 50%.

As empresas de segunda transformación facturaron un total de 774 millóns de euros, 32 máis que no ano anterior, dos que as 917 empresas pertencentes ao subsector de actividades de carpintería facturaron 442 millóns de euros, un 5,4% máis que en 2006, e as 1.217 empresas do subsector de mobiliario, 332 millóns de euros, un 3% máis que no ano precedente. En termos de emprego, nove de cada dez empresas teñen menos de dez traballadores.

#### Sector industrial

O conxunto do ano 2007 caracterizouse, dende o punto de vista da actividade produtiva, polo seu menor dinamismo en relación ao acontecido no ano anterior. En termos reais, o VEB industrial medrou, en cifras medias, un 4% respecto ao ano precedente, mentres que o subsector enerxético o fixo nun 1,5%. Os datos trimestrais [cadro 1.1.5. Evolución do PIB en Galicia 2006-07: distribución segundo as súas compoñentes] reflicten que a lixeira desaceleración da economía galega ao longo do ano 2007 ven explicada en gran parte polo comportamento destes dous sectores. Se no primeiro trimestre do ano, o seu crecemento interanual foi do 2,2% e 4,9%, respectivamente, no derradeiro trimestre do ano, estas taxas foron do 0,9%.

A Contabilidade regional de España (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 9.710,6 millóns de euros, o que representa o 5,7% do total estatal. Galicia mantense como a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Cataluña, Madrid, País Vasco, a Comunidade Valenciana, Andalucía e Castela e León.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

**Índice de producción industrial de Galicia e España 2006-07: distribución segundo destino económico (1)**

	Galicia			España		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	(Base 2000 = 100)			(Base 2000 = 100)		
			(%)			(%)
Índice Xeral	112,0	116,1	3,7	106,2	108,6	2,3
Bens de consumo	112,3	114,0	1,5	104,3	106,2	1,8
consumo duradeiro	139,2	142,4	2,3	103,7	109,3	5,4
consumo non duradeiro	110,1	111,7	1,5	104,5	105,6	1,1
Bens de equipamento	103,5	113,0	9,2	101,6	108,0	6,3
Bens intermedios	117,5	121,3	3,2	106,5	107,9	1,3
Energía	113,7	114,2	0,4	116,5	117,2	0,6

(1) Media anual

Fonte: INE, Índice de Producción Industrial

**1.2.11.****Principais variables económicas da industria nas CC.AA. 2006**

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación de existencias	Total consumos	Gastos de persoal	Gastos de explotación
	(%)					
Andalucía	10,1	10,0	11,0	10,4	8,4	9,8
Aragón	4,5	4,4	4,3	4,6	4,2	4,5
Asturias	2,6	2,7	1,9	2,4	2,8	2,6
Baleares	0,7	0,7	0,7	0,7	0,9	0,7
Canarias	1,5	1,5	1,2	1,3	1,4	1,3
Cantabria	1,3	1,3	1,5	1,3	1,5	1,3
Castela e León	5,8	5,7	5,9	5,8	5,6	5,8
Castela - A Mancha	4,4	4,4	4,1	4,6	3,8	4,5
Cataluña	24,0	24,0	19,9	23,6	25,3	24,2
C. Valenciana	10,3	10,3	11,7	10,3	10,9	10,4
Extremadura	1,0	1,0	2,5	1,0	0,9	1,0
<b>Galicia</b>	<b>6,2</b>	<b>6,1</b>	<b>15,8</b>	<b>6,7</b>	<b>5,4</b>	<b>6,2</b>
Madrid	11,6	11,7	5,6	11,3	11,8	11,4
Murcia	2,6	2,5	2,3	2,6	2,4	2,6
Navarra	3,1	3,1	0,9	3,2	3,2	3,2
País Vasco	9,5	9,5	9,8	9,5	10,6	9,6
A Rioja	0,9	0,9	0,9	0,8	1,1	0,9
Total industria	100	100	100	100	100	100
	(en millóns de €)					
Galicia	36.240,1	36.786,7	437,6	24.909,9	4.346,0	34.680,0
España	588.384,4	598.782,4	2.773,6	373.820,8	80.730,0	557.061,5

Fonte: INE, Encuesta Industrial de Empresas

**1.2.12.**

O sector enerxético galego produciu un total de 2.397,6 millóns de euros (o 8,6% da produción española) e a produción industrial, sen a enerxía, 7.313,0 millóns de euros, o 5,2% do total estatal.

A importancia relativa da produción industrial no VEB total a prezos básicos da economía galega é do 20,1% en 2007 ( 19% de media en España). Este diferencial prodúcese polo distinto peso do sector enerxético, xa que as ramas industriais presentan unha importancia relativa similar. No conxunto do Estado, o VEB xerado polas ramas enerxéticas representa o 3% do VEB total, mentres que en Galicia, esta porcentaxe ascende ata o 5%. O VEB das actividades industriais sitúase en torno ao 15,1% tanto en Galicia coma en España.

O índice de produción industrial en Galicia ao longo de 2007 amosa a ralentización do crecemento do sector, ao medrar un 3,7%, catro puntos menos que en 2006. No conxunto do Estado, este freo no dinamismo foi máis moderado xa que a súa medra foi do 2,3%, 1,4 puntos inferior ao do ano precedente.

Atendendo á súa desagregación segundo destino económico, o **cadro 1.2.11.** amosa que todas as categorías, agás a dos bens intermedios, presentan un menor dinamismo

Principais variables económicas da industria galega 2005-06: distribución segundo ramas de actividade

	2006						
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total	consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
				(en miles de €)			
Industrias extractivas, petróleo, enerxía e auga	6.182.100	6.285.568	27.856	4.490.010	336.550	5.628.193	
Alimentación, bebidas e tabaco	6.533.094	6.610.563	30.069	4.671.717	595.628	6.332.352	
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	2.080.633	2.099.304	14.909	1.412.178	346.103	1.995.443	
Madeira e corcho	1.948.932	1.986.797	3.543	1.335.851	251.048	1.910.267	
Papel, edición, artes gráficas	928.047	942.439	-620	412.224	206.258	850.576	
Industria química	1.233.831	1.258.838	-15.494	726.836	121.741	1.160.251	
Caucho e materias plásticas	826.742	838.987	-377	516.982	126.026	794.136	
Produtos minerais non metálicos diversos	1.681.691	1.710.617	11.195	870.316	341.056	1.604.348	
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	4.809.440	4.844.758	39.457	2.843.520	662.040	4.210.862	
Maquinaria e equipo mecánico	1.050.156	1.088.363	13.629	635.778	215.426	966.925	
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	884.810	897.599	14.000	562.056	123.356	805.312	
Material de transporte	7.453.997	7.609.888	288.258	6.044.274	897.236	7.831.154	
Industrias manufactureiras diversas	626.592	633.013	11.172	388.128	123.484	590.206	
<b>Total industrial</b>	<b>36.240.065</b>	<b>36.786.734</b>	<b>437.597</b>	<b>24.909.870</b>	<b>4.345.952</b>	<b>34.680.025</b>	

  

	2005						
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total	consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
				(en miles de €)			
Industrias extractivas, enerxía e auga	5.911.609	5.992.252	28.693	4.146.868	335.389	5.328.398	
Alimentación, bebidas e tabaco	6.230.028	6.298.762	25.300	4.420.838	577.214	5.962.885	
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.850.627	1.866.743	7.567	1.208.009	311.897	1.735.497	
Madeira e corcho	1.856.650	1.886.133	8.297	1.274.359	249.015	1.828.481	
Papel, edición, artes gráficas	911.767	935.064	6.216	431.630	203.226	854.993	
Industria química	1.148.483	1.162.015	8.965	706.444	112.486	1.087.315	
Caucho e materias plásticas	725.500	733.506	408	447.292	108.463	682.978	
Produtos minerais non metálicos diversos	1.517.433	1.539.762	-602	803.204	310.714	1.455.647	
Metalurxia e fabricación de prod. metálicos	3.892.068	3.916.010	24.044	2.400.937	608.400	3.596.137	
Maquinaria e equipo mecánico	894.585	904.598	3.993	523.779	207.827	839.684	
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	671.544	680.840	9.809	415.880	113.437	628.553	
Material de transporte	6.235.440	6.337.425	36.005	4.845.341	796.260	6.338.928	
Industrias manufactureiras diversas	626.496	631.646	2.985	396.758	115.988	587.661	
<b>Total industrial</b>	<b>32.472.230</b>	<b>32.884.756</b>	<b>161.680</b>	<b>22.021.339</b>	<b>4.050.316</b>	<b>30.927.157</b>	

Fonte: INE, Encuesta Industrial de Empresas

1.2.13.

respecto ao acontecido no ano precedente. A taxa media de crecemento da produción industrial de bens de equipamento foi do 9,2%, sendo esta porcentaxe do 3,2% no caso dos bens intermedios. As menores taxas de crecemento corresponderon ás producións de bens de consumo e enerxéticos, co 1,5% (2,3% no caso dos bens de consumo duradeiro) e 0,4%, respectivamente.

O número de persoas ocupadas no sector industrial ascendeu no último ano ata as 217.300 persoas (3.400 máis que no ano anterior), o que representa o 18,2% dos traballadores en Galicia. Entre as ramas de actividade máis importantes segundo o seu volume de ocupación cómpre salientar as relacionadas coas “industrias de alimentación, bebidas e tabaco”, con 41.200 ocupados, as relacionadas co “técnico e confección; coiro e calzado”, con 25.400 persoas; o conxunto de actividades encadradas dentro da “industria extractiva; refino de petróleo; industria química; transformación de caucho, metalurxia; enerxía e auga”, con 64.600 ocupados, ou as de “construción de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas”, cunha ocupación de 61.500 persoas.

A diferenza do ano anterior, os catro grandes grupos mencionados experimentaron un incremento do número de traballadores ocupados, (6.800 persoas máis), descendendo en torno ás 2.600 persoas nas actividades relacionadas coa industria do papel e artes gráficas, e preto das 900 persoas no caso das actividades da industria de madeira.

A cifra de negocios do conxunto da industria galega medrou no último ano considerado un 11,6% (máis de dous puntos e medio por riba do experimentado no conxunto da industria española), pasando dos 32.472,2 millóns de euros de 2005 aos 36.240,1 millóns

de euros de 2006 (o 6,2% da cifra de negocios total da industria española). Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro 1.2.12.** amosa que Galicia segue sendo a sexta comunidade con maior participación, por detrás de Cataluña (24%), Madrid (11,6%), a C. Valenciana (10,3%), Andalucía (10,1%) e o País Vasco (9,5%).

As actividades de material de transporte, co 20,6%, e as de “alimentación, bebidas e tabaco” e “industrias extractivas, enerxía e auga”, cun 18% e 17,1%, son as que presentan a maior contribución ao total da industria galega. Todas as agrupacións de actividade, incluída a de material de transporte, presentan incrementos nas súas cifras de negocios, rexistrándose as medras máis importantes, en termos relativos, nos caso das actividades de “material e equipo eléctrico, electrónico e óptico”, cunha medra do 31,8%, e das metalúrxicas, co 23,6%.

Os gastos de persoal rexistraron unha medra do 7,3% (4,2% no conxunto do Estado), acadando os 4.346,0 millóns de euros (o 5,4% do total estatal). Ao igual en anos anteriores, Galicia é a sétima comunidade autónoma co maior volume de gastos de persoal, por detrás de Cataluña, Madrid, a C. Valenciana, País Vasco, Andalucía e Castela e León.

O conxunto de actividades incluídas en material de transporte segue sendo o que presenta os gastos de persoal máis elevados, con 897,2 millóns de euros (o 20,6% dos gastos de persoal no conxunto da industria galega), seguida polas actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, con 662,0 millóns de euros (15,2%), e as de alimentación, bebidas e tabaco, con 595,6 millóns de euros (o 13,7%). Comparado co ano anterior, cómpre salientar tanto a medra rexistrada no caso da industria de caucho e materiais plásticos, superior ao 16%, como no caso dos subsectores de materiais de transporte e industria téxtil, con incrementos superiores ao 11%.

1.1.

1.2.

#### • Subsector enerxético

1.3.

O balance enerxético correspondente ao ano 2007 reflicte que a produción de electricidade do réxime ordinario ascendeu a 19.996 GWh (o 8,3% do total estatal) e a do réxime especial a 9.575 GWh (o 16,8% do total estatal). Atendendo ás distintas fontes de produción en Galicia, **cadro 1.2.14.**, cómpre salientar a importancia do carbón, con 13.637 GWh, e da hidráulica, con 5.867 GWh.

1.4.

1.5.

1.6.

No concernente á demanda de electricidade, esta medra en Galicia un 3,7% entre os anos 2006 e 2007, acadando os 19.689 GW en 2007 (o 7,1% do total estatal).

2.1.

2.2.

2.3.

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada coxeneración, que se define como a produción local e simultánea de enerxía eléctrica e/ou mecánica e de enerxía térmica aproveitable en diversos procesos a partir dunha mesma fonte de enerxía primaria. A 31 de decembro de 2007 funcionan en Galicia un total de 106 centrais (**cadro 1.2.15.**) cunha potencia nominal de 631 MW. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 62 plantas de coxeneración, cunha potencia nominal de 493 MW, o 79,1% do total producido en Galicia.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

Un aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á súa calidade de subministración medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). Galicia rexistrou un importante descenso nas interrupcións imprevistas ao longo do ano 2007, con 1,41 horas, manténdose a contía de horas de interrupcións programadas, con 0,06 horas. O **cadro 1.2.16.** reflicte que no conxunto do Estado, a TIEPI mantívose nas 2,04 horas (1,47 horas en Galicia), das que 0,16 horas corresponden a interrupcións programadas e 1,88 interrupcións imprevistas.

3.6.

#### - Enerxías renovables

4.1.

4.2.

A potencia cíclica instalada con estas fontes enerxéticas (enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo) ascendeu en 2007 a 6.428 MW, 418 MW máis que no ano anterior.

**Balance de enerxía eléctrica nas CC.AA. 2007**

	(en Gw)												
	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	C.Valenciana	Canarias	Cantabria	Castela - A Mancha	Castela e León	Cataluña			
<b>Réxime ordinario</b>	35.377	12.352	18.416	6.162	12.413	9.125	730	16.246	27.325	36.199			
Hidráulica	592	2.324	1.303	-	924	-	730	531	8.485	2.866			
Nuclear	-	-	-	-	6.241	-	-	8.515	3.478	20.916			
Carbón	14.827	7.535	17.112	3.195	-	-	-	1.162	15.362	778			
Fuel/gas (1)	9	-	-	1.412	92	6.600	-	1.609	-	411			
Ciclo combinado	19.949	2.493	-	1.555	5.156	2.525	-	4.429	-	11.229			
-consumos xeneración	-1.042	-526	-1.089	-310	-400	-501	-8	-996	-1.335	-1.359			
<b>Réxime especial</b>	6.259	6.930	1.685	121	2.285	587	1.763	6.375	7.327	5.262			
Xeración neta	40.594	15.922	19.011	5.973	14.297	9.211	2.438	21.626	33.318	40.103			
-consumos bombeo	-431	-285	-149	-	-759	-	-935	-309	-729	-425			
+ saldo intercambios	-442	-7.400	-6.827	-	14.164	-	3.267	-9.368	-18.710	7.549			
<b>Demanda 2007</b>	39.721	11.071	12.036	5.973	27.703	9.211	4.817	11.949	13.878	47.227			
<b>Demanda 2006</b>	38.926	10.868	11.292	5.911	26.301	8.812	4.810	11.419	13.535	46.379			
<b>07/06 (%)</b>	2.0	1.9	6.6	1.0	5.3	4.5	0.1	4.6	2.5	1.8			

  

	(en Gw)									
	Ceuta	Extremadura	Galicia	A Rioxia	Madrid	Melilla	Murcia	Navarra	Pais Vasco	Total industria
<b>Réxime ordinario</b>	216	18.203	19.966	4.124	50	203	9.960	3.216	9.244	239.527
Hidráulica	-	2.250	5.867	78	50	-	51	114	186	26.350
Nuclear	-	15.953	-	-	-	-	-	-	-	55.103
Carbón	-	-	13.637	-	-	-	-	-	1.419	75.027
Fuel/gas (1)	216	-	161	-	-	203	30	-	85	10.830
Ciclo combinado	-	-	301	4.046	-	-	9.879	3.102	7.554	72.218
-consumos xeneración	-17	-595	-805	-89	-1	-18	-251	-65	-192	-9.599
<b>Réxime especial</b>	-	69	9.575	1.156	1.329	9	934	3.365	1.987	57.018
Xeración neta	199	17.677	28.737	5.191	1.378	194	10.643	6.516	11.039	284.067
-consumos bombeo	-	-83	-245	-	-	-	-	-	-	-4.349
+ saldo intercambios	-	-12.775	-8.803	-3.285	30.157	-	-2.070	-1.085	9.878	-5.749
<b>Demanda 2007</b>	199	4.819	19.689	1.906	31.535	194	8.573	5.431	20.917	276.850
<b>Demanda 2006</b>	0	4.431	19.082	1.762	30.468	0	8.141	5.326	20.703	268.164
<b>07/06 (%)</b>		8.8	3.2	8.2	3.5		5.3	2.0	1.0	3.2

(1) Inclúe GICC (Elcogás)  
 (2) Valor provisional. Non inclúe movementos de enerxía en tensións inferiores a 220 kV entre CC.AA. Un valor positivo indica un saldo de intercambios importador e un valor negativo exportador.  
 Fonte: Red Eléctrica de España

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

## Plantas de coxeración en funcionamento 2007

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Potencia a 31 dec. 2007	(en MW)	493	54	28	56	631
nº de centrais a 31 dec. 2007		62	14	5	25	106
Consumo combustibles nas coxeracións, 2006	(en tep)	472.602	26.419	38.346	17.138	554.505
Electricidade bruta, ano 2006	(en MWh)	1.904.490	92.765	177.308	72.104	2.246.667
Electricidade neta, ano 2006	(en MWh)	1.838.909	90.716	169.922	68.507	2.168.054
Exportación rede, ano 2006		1.074.847	22.609	84.858	41.308	1.223.623
Consumo electricidade procedente coxeración nas fábricas, ano 2006	(en tep)	65.709	5.857	7.315	2.339	81.221
Consumo calor procedente coxeración nas fábricas, ano 2006	(en tep)	169.564	8.344	9.707	5.064	192.678
Consumo total de enerxía procedente coxeración nas fábricas, ano 2006	(en tep)	235.273	14.201	17.022	7.403	273.899

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia

## 1.2.15.

Continuidade do subministro eléctrico nas CC.AA. 2007:  
(Tempo de interrupción equivalente á produción instalada)

	Imprevistos	Programados	Total
	(en horas)		
Andalucía	2,14	0,25	2,39
Aragón	1,10	0,35	1,45
Asturias	1,14	0,09	1,23
Baleares	1,85	0,15	2,00
Canarias	0,94	0,17	1,11
Cantabria	1,29	0,06	1,35
Castela - A Mancha	2,20	0,18	2,38
Castela e León	1,99	0,14	2,13
Cataluña	1,48	0,19	1,67
C. Valenciana	2,62	0,32	2,94
Extremadura	1,74	0,41	2,15
Galicia	1,41	0,06	1,47
Madrid	0,91	-	0,91
Murcia	3,23	0,33	3,56
Navarra	1,32	0,22	1,54
Pais Vasco	1,28	0,29	1,57
A Rioxa	1,12	0,22	1,34
Total industria	1,88	0,16	2,04

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

## 1.2.16.

Enerxías renovables en Galicia 2006-07<sup>(1)</sup>: potencia eléctrica instalada

	2006	2007	07/06
	(en Mw)		(%)
Grande hidráulica	3.026	3.026	-
Minihidráulica	262	280	6,9
Eólica	2.621	3.019	15,2
Biomasa eléctrica	39	39	-
Biogas	11	11	-
Solar fotovoltaica e outras renovables	2,0	3,0	50,0
RSU	50,0	50,0	-
Total instalada con FER (2)	6.011	6.428	6,9
Potencia total instalada	9.035	9.467	4,8
E. Renovable / E.Total Instalada (%)	66,5	67,9	

(1) Os datos do 2007 son provisionais

(2) Fonte de enerxía renovables

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia

## 1.2.17.



## Consumo de produtos petrolíferos 2006-07

2006					
	Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Total
(en toneladas métricas)					
A Coruña	138.517	826.585	43.162	343.852	1.352.116
Lugo	43.557	352.196	4	371.673	767.430
Ourense	47.355	289.843	-	45.660	382.858
Pontevedra	131.748	686.061	18.504	52.928	889.241
<b>Total</b>	<b>361.177</b>	<b>2.154.685</b>	<b>61.670</b>	<b>814.113</b>	<b>3.391.645</b>
Total España	6.960.421	33.588.356	5.417.149	4.893.380	50.859.306
Galicia/España (%)	5,2	6,4	1,1	16,6	6,7

  

2007					
	Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Total
(en toneladas métricas)					
A Coruña	138.488	919.674	35.861	359.290	1.453.313
Lugo	41.197	358.916	-	362.575	762.688
Ourense	45.914	292.278	-	46.341	384.533
Pontevedra	130.197	748.948	23.169	53.695	956.009
<b>Total</b>	<b>355.796</b>	<b>2.319.816</b>	<b>59.030</b>	<b>821.901</b>	<b>3.556.543</b>
Total España	6.694.153	35.612.149	5.708.287	6.697.083	54.711.672
Galicia/España (%)	5,3	6,5	1,0	12,3	6,5

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

## 1.2.18.

En termos de crecemento da potencia instalada cómpre salientar a enerxía eólica, que nos últimos anos rexistrou un importante desenvolvemento. Ao longo de 2007 a potencia instalada medrou en case 400 MW, para acadar unha potencia eléctrica instalada de 3.019 MW, o que representa o 47% da potencia eléctrica instalada con enerxías renovables e o 31,9% da potencia total instalada en Galicia.

Ademais desta enerxía eólica, **ocadro 1.2.17.** reflicte que a potencia instalada xerada pola enerxía “hidráulica” mantívose nos 3.026 MW, o que representa o 47,1% da potencia instalada coas fontes de enerxía renovable e o 32% da potencia total instalada en Galicia. No caso da “minihidráulica”, a potencia instalada foi de 280 MW, 18 MW máis que no ano anterior.

### - Produtos petrolíferos

Ao longo do ano 2007, a demanda destes produtos medrou en Galicia un 4,9%, acadando as 3.556,5 miles de toneladas métricas (o 6,5% do total estatal). No conxunto do Estado o consumo de petróleo medrou un 7,6% respecto ao ano precedente. O **cadro 1.2.18.** reflicte un incremento do consumo de gasóleos, que representa o 65,2% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 23,1% e do 10%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar, dunha banda, o descenso do peso relativo do consumo de fuel óleos no total estatal, que se situou no 12,3% (16,6% en 2006), e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno, co 1%.

### • Industria da automoción

Dado o crecemento da produción de turismos, a produción total de vehículos automóviles en Galicia experimentou en 2007 un crecemento do 17,1% respecto ao ano anterior. O número total de vehículos situouse nos 535.996 (78.222 vehículos máis que no

## Construción naval 2004-07

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)	Nº	arqueo (1)
2004	3	34.140	18	99.660	15	121.578	66	390.206
2005	15	75.628	23	120.105	48	244.927	108	624.744
2006	9	81.876	21	149.365	78	597.417	139	1.045.442
2007	20	62.518	28	120.434	122	639.981	182	1.153.537
				(%)				
06/07	122,2	-23,6	33,3	-19,4	56,4	7,1	30,9	10,3

(1) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg  
Fonte: IGE

## 1.2.19.

ano precedente) dos que 286.182 corresponden á produción de turismos (un 47% máis que no ano anterior) e 249.814, a furgonetas (un 5,1% por baixo da produción de 2006).

Despois da forte ralentización de 2006, as matriculacións de automóviles medraron en Galicia un 3,2% respecto ao ano anterior, dúas décimas menos que en 2006. O número total de matriculacións de vehículos ascende a 109.951, dos que 82.066 corresponden a automóviles de turismos (1.462 máis que en 2006).

As 79 empresas que compoñen o clúster de automoción xeraron en 2007 máis de 25.000 empregos directos, aos que hai que engadir uns 12.500 empregos inducidos en empresas de servizos de enxeñería, loxística, seguridade, etc. Segundo os datos facilitados polo propio clúster, a facturación total destas empresas ascendeu no último ano a 9.300 millóns de euros (17% do PIB galego).

- **Industria naval**

Ao longo do ano 2007, a pesar do incremento do número total de novos contratos rexistrouse unha caída do arqueo total. O arqueo total dos 28 contratos novos, sete máis que no ano anterior, descendeu ata as 120.434 toneladas brutas, case trinta e nove mil toneladas por baixo do rexistrado en 2006. A meirande parte dos contratos rexistrados, vinte, son contratos para exportación, representando o seu arqueo o 51,9% do arqueo total.

Asemade, no último ano continúa a medra da carteira de pedimentos, que acada os 182 contratos (122 son contratos para a exportación), 43 máis que en 2006. Tal coma indica o **cadro 1.2.19.**, o arqueo total foi de 1.153.537 toneladas brutas, un 10,3% máis que no ano anterior.

### Construción

O valor engadido bruto xerado polo sector da construción en Galicia presentou en 2007 unha medra do 4,3%, unha décima máis que no ano anterior. A pesar da lixeira desaceleración da economía galega no segundo semestre, este sector presenta taxas de crecemento superiores ás da primeira metade do ano [**cadro 1.1.5.** Evolución do PIB en Galicia 2006-07: distribución segundo os seus compoñentes].

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 5,7% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece co sector primario e co subsector enerxético, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (13,6% en Galicia e 12,3% de media en España).

O crecemento desta actividade tivo o seu reflexo no mercado de traballo, onde o número de traballadores ocupados experimentou unha medra do 6% (8.400 persoas máis que no ano precedente). O sector acolle o 12,3% dos galegos ocupados segundo a EPA e o 5,5% do total da ocupación no sector da construción en España.

Antes de analizar os datos correspondentes á licitación pública e á vivenda, cómpre facer referencia á aprobación da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, por mor do seu impacto sobre a actividade económica e social do conxunto do litoral, entendido este como un recurso natural e ambiental non renovable. Na súa exposición de motivos reflíctese que o necesario crecemento urbano ten de responder aos requirimentos do desenvolvemento equilibrado e sostible, minimizando os impactos daquel crecemento e apostando pola rexeneración das cidades e vilas existentes.

No concernente á licitación pública de todas as administracións, esta volveu a descender no último ano, situándose esta caída no 3,2% en Galicia (12,8% de media no total rexionalizable de España). O seu importe total reduciuse ata os 2.251,9 millóns de euros (o 5,6% da licitación no conxunto do Estado), dos que a licitación pública en obra civil, tras un recorte de case un 14%, acadou os 1.651,7 millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación, que medra case un 45%, os 600,3 millóns de euros.

Este comportamento da licitación pública en Galicia prodúcese por mor da caída das licitacións da Administración central, xa que as correspondentes ás administracións autonómica e local aumentan respecto aos valores do ano 2006. A licitación pública da Administración central, tras un descenso do 21,8%, acadou no último ano os 1.114,6 millóns de euros, fronte aos 827,3 millóns de euros da Administración autonómica (16,3% máis que no ano precedente) e os 373,0 millóns de euros da Administración local (6% máis que o licitado en 2006). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 7% da licitación pública da Administración central, fronte ao 6,3% da licitación autonómica e o 3,4% das administracións locais.

A Coruña sitúase como a provincia con maior volume de licitación, con 977,5 millóns de euros (o 43,4% da licitación en Galicia), seguido de Pontevedra, con 609,4 millóns de euros (27,1%). Comparado coa licitación do ano anterior, o **cadro 1.2.20.** indica que o volume total de licitación redúcese en todas as provincias galegas agás en A Coruña. En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil segue a mesma tendencia que a licitación galega, en tanto que a licitación en edificación, só descende en Ourense.

#### • Datos de vivenda

Ao longo do ano 2007 iniciáronse en Galicia un total de 40.913 vivendas (o 7,9% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 37.913 corresponden a vivendas libres (o 8,8% do total estatal) e 3.000 a vivendas protexidas (o 3,6% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se desprende do **cadro 1.2.22.**, corenta e sete de cada cen vivendas iniciadas están emprazadas en A Coruña, fronte ao 26,3% en Pontevedra e o 19,7% de Lugo e o 7,1% en Ourense.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse un total de 36.806 vivendas, o 5,7% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 33.032 (o 5,7% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 3.774 (o 5,6% do total estatal). A Coruña abrangue o 46% das vivendas rematadas, moi por diante de Pontevedra, co 30%, e de Lugo e Ourense, co 16,5% e 7,5%.

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia foi de 8.485 (7.920 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 8.750 miles de metros cadrados (en edificación residencial 7.836 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír ascendeu a 45.614 (4.496 vivendas máis que no mesmo período do ano precedente).

Xunto a esta edificación de nova planta, o número de licencias municipais para rehabilitación de edificios descendeu ata os 1.628, situándose o de licencias para obras de

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Licitación pública en Galicia e España 2006-07: distribución segundo tipo de obra

	2006					Total rexionalizable	Total España	G/E (rexion.) (%)
	Galicia				(en millóns de €)			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra				
<b>Total Xeral</b>	2.327,1	577,9	537,9	318,4	892,9	45.851,7	46.701,3	5,1
<b>Edificación</b>	413,9	165,3	48,2	74,0	126,4	14.676,5	14.689,8	2,8
Vivenda	61,2	15,9	0,6	0,5	44,3	2.111,7	2.111,7	2,9
Equip. Social	242,7	76,4	35,4	70,7	60,3	9.641,7	9.646,0	2,5
Resto edificación	109,9	73,1	12,3	2,8	21,8	2.923,1	2.932,0	3,8
<b>Obra Civil</b>	1.913,3	412,6	489,7	244,5	766,5	31.175,2	32.011,6	6,1
Transportes	1.386,1	200,9	393,7	181,7	609,9	17.534,2	17.958,4	7,9
Urbanizacións	265,6	110,9	25,2	19,1	110,4	6.865,5	7.218,0	3,9
Hidráulicas	204,3	76,1	54,7	35,7	37,8	5.856,4	5.910,3	3,5
Medio Ambiente	57,4	24,7	16,2	8,0	8,4	919,1	924,8	6,2

  

	2007					Total rexionalizable	Total España	G/E (rexion.) (%)
	Galicia				(en millóns de €)			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra				
<b>Total Xeral</b>	2.251,9	977,5	478,5	186,6	609,4	39.980,4	40.354,8	5,6
<b>Edificación</b>	600,3	357,3	65,7	47,1	130,2	12.461,1	12.537,3	4,8
Vivenda	57,2	15,9	20,9	14,8	5,6	1.567,4	1.567,4	3,7
Equip. Social	281,6	116,1	40,0	27,9	97,6	7.372,1	7.372,4	3,8
Resto edificación	261,4	225,3	4,8	4,4	27,0	3.521,6	3.597,6	7,4
<b>Obra Civil</b>	1.651,7	620,1	412,8	139,5	479,2	27.519,4	27.817,5	6,0
Transportes	960,3	325,7	316,9	92,1	225,6	16.008,9	16.202,5	6,0
Urbanizacións	518,2	198,9	78,0	21,8	219,5	6.205,1	6.210,3	8,4
Hidráulicas	138,4	80,2	13,0	21,5	23,8	4.765,4	4.864,7	2,9
Medio Ambiente	34,7	15,3	5,0	4,1	10,3	540,0	540,0	6,4

Fonte: Seopan

1.1.

1.2.

1.2.20.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Licitación pública en Galicia e España (1) 2006-07: distribución segundo administracións

	2006		2007		06/07	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de €)		(en millóns de €)		(%)	
<b>Administración xeral</b>	1.425,8	14.918,0	1.114,6	15.908,5	- 21,8	6,6
Mº Fomento	1.191,9	10.709,2	960,1	11.855,7	- 19,4	10,7
Mº Medio Ambiente	143,8	2.620,4	83,8	2.346,4	- 41,8	- 10,5
Resto Admón. Xeral	90,1	1.588,4	70,8	1.706,4	- 21,5	7,4
<b>Admón. Autonómica</b>	711,1	16.049,7	827,3	13.128,5	16,3	- 18,2
<b>Admón. Local</b>	351,7	14.884,0	373,0	10.943,5	6,0	- 26,5
Concellos	256,5	10.896,7	223,0	8.553,1	- 13,1	- 21,5
Outras Administracións	95,2	3.987,3	150,0	2.390,4	57,6	- 40,0
<b>Total</b>	2.488,6	45.851,7	2.314,9	39.980,4	- 7,0	- 12,8

(1) Total rexionalizable  
Fonte: Seopan

1.2.21.

demolición, nos 908. No último ano, o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 1.289, e o de vivendas a demoler, a 1.520.

En relación aos visados de dirección de obra nova, o número de edificios descendeu fortemente en 2007 ata os 6.888 (un 25,4% inferior á do ano anterior), dos que 6.577 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 18,7% respecto ao ano anterior, acadando os 7.916,4 miles de metros cadrados, dos que 7.151,1 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presuposto de execución caeu un 16% en relación ao presupostado en 2006, acadando os 2.559,5 millóns de euros, dos que 2.345,3 millóns de euros (18,1% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

**Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia**

A Lei, no seu artigo 1 establece catro grandes **obxectivos**:

- garantir a preservación do litoral en tanto que non sexa aprobado o planeamento urbanístico adaptado á lexislación vixente e aos criterios de sosteñibilidade económica, social e ambiental;
- integrar os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico e dos instrumentos de ordenación do territorio co proceso de avaliación estratéxica ambiental;
- crear o Instituto de Estudos do Territorio;
- fomentar a creación de solo destinado a vivenda protexida.

A lei regula a suspensión da tramitación e da aprobación dos plans de ordenación e dos instrumentos de xestión que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros desde o límite interior da ribeira do mar. Esta suspensión manterase ata a aprobación do PXOM adaptado á lexislación urbanística e ambiental actualmente vixente e compatible cos intereses supralocais ínsitos na franxa litoral. Ou ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral.

O Consello Económico e Social de Galicia, no seu Ditame 2/07 sobre o anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia indica que comparte a necesidade de favorecer a utilización racional do territorio na franxa litoral, preservar a costa, protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e o equilibrio territorial, para o que considera conveniente a axilización da tramitación do Plan Sectorial de Ordenación do litoral.

Asemade, valora positivamente a integración do procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa avaliación estratéxica medioambiental, o que redundará nunha redución dos prazos de tramitación e aprobación dos instrumentos

É importante salientar a opinión do CES no senso en que deberían existir unhas directrices de ordenación do territorio (DOT), tal e como se establece na Lei 10/1995, do 23 de novembro, previamente á redacción de calquera plan territorial integrado, posto que este último se vería afectado pola elaboración posterior das referidas DOT.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un total de 74 visados de dirección de obra nova en Galicia no caso dos servizos comerciais e almacéns. A pesar do importante descenso do número de visados (45% menos), así como do seu presuposto de execución (7,1%), aumenta a superficie a construír (6% máis que en 2006). A superficie total a construír ascendeu a 278.030 metros cadrados e o presuposto de execución, a 61,9 millóns de euros.

No caso dos visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, o descenso do número de visados de dirección de obra foi asociada a unha caída da superficie a construír e do presuposto de execución. En 2007 concedéronse 90 visados (21 menos que no ano anterior), acadando a superficie a construír e o presuposto de execución os 158.187 metros cadrados (un 34,4% menos que no ano precedente) e 26,6 millóns de euros (30,4% menos), respectivamente.

O número de visados de dirección de obras de ampliación descendeu ata os 294 (132 menos que en 2006), dos que 228 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Construcción de viviendas en Galicia e España 2006-07

## Viviendas iniciadas

	Viviendas libres			Viviendas protegidas			Total viv. iniciadas		
	2006	2007	06/07 (%)	2006	2007	06/07 (%)	2006	2007	06/07 (%)
<b>Galicia</b>	38.246	37.913	-0,9	4.241	3.000	-29,3	42.487	40.913	-3,7
A Coruña	15.779	17.761	12,6	1.485	1.628	9,6	17.264	19.389	12,3
Lugo	7.919	7.545	-4,7	847	311	-63,3	8.766	7.856	-10,4
Ourense	2.903	2.510	-13,5	313	383	22,4	3.216	2.893	-10,0
Pontevedra	11.645	10.097	-13,3	1.596	678	-57,5	13.241	10.775	-18,6
<b>España</b>	664.924	432.117	-35,0	95.255	83.859	-12,0	760.179	515.976	-32,1
<b>Galicia/España (%)</b>	5,8	8,8		4,5	3,6		5,6	7,9	

## Viviendas rematadas

	Viviendas libres			Viviendas protegidas			Total viv. rematadas		
	2006	2007	06/07 (%)	2006	2007	06/07 (%)	2006	2007	06/07 (%)
<b>Galicia</b>	29.998	33.032	10,1	3.292	3.774	14,6	33.290	36.806	10,6
A Coruña	13.449	15.116	12,4	1.839	1.855	0,9	15.288	16.971	11,0
Lugo	3.164	5.157	63,0	754	921	22,1	3.918	6.078	55,1
Ourense	2.530	2.573	1,7	299	198	-33,8	2.829	2.771	-2,1
Pontevedra	10.855	10.186	-6,2	400	800	100,0	11.255	10.986	-2,4
<b>España</b>	597.632	579.665	-3,0	60.358	67.127	11,2	657.990	646.792	-1,7
<b>Galicia/España (%)</b>	5,0	5,7		5,5	5,6		5,1	5,7	

(1) Inclúe vivendas protexidas de nova construción suxeitas a distintos reximenes de protección e as vivendas de promoción pública  
Fonte: Ministerio de Vivienda

1.1.

1.2.22.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Edificación e vivendas en Galicia e España 2006-07: datos xerais

	Galicia		España	
	2006	2007	2006	2007
<b>Edificación de nova planta</b>				
<b>Edificios a construír</b>	7.899	8.485	230.044	187.147
Residencial	7.462	7.920	208.631	166.322
Non residencial	437	565	21.413	20.825
			<i>(en miles m<sup>2</sup>)</i>	
<b>Superficie a construír</b>	7.520	8.750	143.901	128.524
Residencial	6.956	7.836	118.310	102.790
Non residencial	564	914	25.591	25.464
<b>Vivendas a construír</b>	41.118	45.614	737.186	634.098
<b>Obras de rehabilitación</b>				
<b>Edificios a rehabilitar</b>	1.468	1.628	35.856	33.359
<b>Vivendas creadas en rehabilitación</b>	1.137	1.289	23.128	19.796
<b>Obras de demolición</b>				
<b>Edificios a demoler</b>	739	908	28.480	26.141
<b>Vivendas a demoler</b>	1.176	1.520	32.421	29.758
<b>Total vivendas</b>	41.079	45.383	727.893	624.136

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

1.2.23.



construír situouse en 107.041 metros cadrados, un 25,4% inferior á do ano anterior, e o presuposto de execución en 39,2 millóns de euros, un 13,4% inferior ao do ano anterior.

A diferenza do acontecido no caso da obra nova e ampliación, medrou o número de visados de obras de reformas e/ou restauración. No último ano concedéronse un total de 1.763 visados, 319 visados máis que no ano precedente, incrementándose o seu presuposto de execución (162,9 millóns de euros) nun 8,3% respecto ao existente en 2006.

O número total de certificacións de obra en Galicia ascendeu no último ano ata as 5.425 (491 certificacións máis que en 2006), o que representa o 4,6% das certificacións no conxunto do Estado. A pesar do comportamento dos promotores públicos, o número de edificios e vivendas a construír medra un 2,1% e 19,8%, respectivamente (**cadro 1.2.25**). O número total de edificios foi de 6.237, dos que 6.207 corresponden a promotores privados e 30 a administracións públicas (111 no ano precedente). O número de vivendas acadou os 31.937, das que 31.859 corresponden a promotores privados e 78, a promotores públicos (195 no ano anterior).

### Servizos

O valor engadido bruto xerado por este sector medrou en Galicia un 4,2% respecto ao ano anterior (prezos constantes), tres décimas por riba da rexistrada en 2006. Esta medra prodúcese por mor tanto do incremento do conxunto de actividades de servizos de mercado, cun 4,2% (unha décima máis que no ano anterior), como das actividades de servizos non de mercado, cun 4,1% (medio punto porcentual máis que no ano anterior).

O valor total da produción do sector servizos galego en 2007, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 29.725,1 millóns de euros, o que representa o 4,7% do total estatal. Os datos da Contabilidade regional de España (fonte INE) indican que Galicia segue sendo a oitava comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Castela e León e Canarias.

O subsector dos servizos de mercado produciu en Galicia un total de 21.908,0 millóns de euros (o 4,5% da produción española) e o subsector de servizos non comerciais, 7.817,1 millóns de euros, o 5,6% do total estatal.

A importancia relativa da produción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB xerado pola economía galega é do 61,4%, case cinco puntos porcentuais e medio inferior á media estatal. Se se considera a desagregación entre os subsectores de servizos non comerciais e de mercado, cómpre salientar que mentres que o primeiro ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (16,2% e 14,7%, respectivamente), o subsector dos servizos de mercado ten maior importancia relativa na economía española que na galega (52,1% e 45,3%, respectivamente).

No que atinxe ao emprego, o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos medrou no último ano en 25.200 persoas (un 3,6% respecto ao ano precedente), situándose nas 725.700 persoas. O sector acolle o 60,8% dos traballadores ocupados en Galicia, seis décimas máis que no ano anterior, e o 5,4% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado.

Máis da quinta parte das persoas ocupadas neste sector o están nas ramas de actividades de “comercio por xunto e polo miúdo” (157.000 traballadores). Séguenlle en importancia os subsectores de sanidade e “administracións públicas”, co 10,9% (78.800 ocupados) e 10,8% (76.700 ocupados), respectivamente, e o da educación, co 9,1% (66.300 persoas). En conxunto, estas catro ramas acollen o 52,2% dos ocupados no sector.

O sector servizos acolle o 77,5% das empresas galegas rexistradas a un de xaneiro de 2007. Das 157.651 empresas que realizan actividades englobadas dentro deste sector económico, 55.592 empresas pertencen o subsector do comercio, acollendo o subsector da hostalería 21.403 empresas e o dos transportes, 13.577 empresas. Estas tres ramas de actividade acollen case o sesenta por cento das empresas do sector.



*Empresas do sector servizos en Galicia e España a 1 de xaneiro de 2007: distribución segundo ramas de actividade*

	Galicia			España		
	Total	Sen asalairados	1-2 asalariados	Total	Sen asalairados	1-2 asalariados
<b>Comercio</b>	55.592	27.151	18.126	843.212	414.054	263.851
Venda, mantemento e reparación vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	5.876	1.919	2.122	81.247	28.636	28.438
C. por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos motor e motocicletas	14.378	6.668	4.035	225.108	104.819	59.616
C. polo miúdo, agás comercio vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	35.338	18.564	11.969	536.857	280.599	175.797
<b>Hostalería</b>	21.403	9.081	8.098	288.914	115.331	100.425
<b>Transporte</b>	13.577	6.999	4.009	238.119	134.106	64.803
Terrestre; transporte por tuberías	12.234	6.591	3.608	211.759	125.009	56.653
Marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	37	10	6	472	122	120
Aéreo e espacial	3	2	-	259	101	45
Actividades anexas; actividades de axencias viaxes	1.303	396	395	25.629	8.874	7.985
<b>Correos e telecomunicacións</b>	444	258	96	9.320	4.594	2.127
Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	36	15	6	1.935	736	490
Seguros e plans de pensións, agás S.S. obrigatoria	28	9	10	838	231	252
Actividades auxiliares á intermediación financeira	4.322	2.930	1.114	61.917	42.995	14.413
Actividades inmobiliarias	10.582	6.680	2.993	237.325	143.146	69.620
Aluguer maquin. e equipo sen operario, efect. persoais e enseres domésticos	1.156	596	376	25.944	13.709	7.526
Actividades informáticas	1.359	778	329	36.394	21.853	8.142
Investigación e desenvolvemento	782	660	79	17.905	15.651	1.437
Outras actividades empresariais	24.105	15.100	5.752	492.314	314.145	111.884
<b>Educación</b>	4.096	2.044	970	67.881	34.881	13.584
Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social	7.058	3.736	2.245	131.658	78.906	33.216
Actividades de saneamento público	380	160	89	6.204	2.349	1.567
Actividades asociativas	1.664	381	718	32.164	10.304	12.419
Actividades recreativas, culturais e deportivas	4.380	2.063	1.386	82.641	43.234	22.705
Actividades diversas de servizos persoais	6.687	2.894	2.819	100.910	48.445	38.220
<b>Total empresas de servizos</b>	157.651	81.535	49.215	2.675.595	1.438.670	766.681
<b>Total grupos CNAE93</b>	203.374	100.126	61.904	3.422.239	1.754.374	958.711

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

1.1.

1.2.26.

1.2.

1.3.

• Comercio

1.4.

O número de empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas (actividade 51 da CNAE-93) ascendeu a 14.378 empresas, o 6,4% das empresas españolas. Como reflicte o **cadro 1.2.26.**, o 46,4% (6.688) das empresas corresponde a empresas sen asalariados e o 28,1% (4.035 empresas), a sociedades con un ou dous asalariados.

1.5.

Atendendo ao número total de empresas, o subsector “produtos alimenticios, bebidas e tabaco” é o máis importante en Galicia, con 3.585 empresas (o 24,9% das empresas maioristas galegas). Asemade, cómpre salientar a importancia relativa do comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, ao acoller Galicia o 10,6% das empresas pertencentes a este subsector en España.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

O grupo de actividade “comercio polo miúdo, agás comercio vehículos motor, motocicletas e ciclomotores” (grupo 52, CNAE 93) está composto por 35.338 empresas, 633 menos que no ano anterior. O grupo “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados” é o que acolle o maior número de empresas, con 19.775 empresas (55,9% do total de establecementos de comercio polo miúdo), seguido polo grupo de actividade de “comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados”, con 6.354 empresas (18%).

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

O índice xeral de vendas do comercio interior polo miúdo experimentou un crecemento do 4,9% ao longo do ano 2007, case un punto porcentual inferior á do ano anterior, mentres que o índice de ocupación o fixo nun 2,6%, medio punto por baixo do experimentado en 2006. No conxunto do Estado estes incrementos foron do 4,8% e 1,8%, respectivamente.

3.6.

4.1.

4.2.

## Comercio interior nas CC.AA. 2006-07: índice de vendas polo miúdo

	2006	2007	07-06 (%)
Andalucía	105,2	109,1	3,7
Aragón	105,2	111,1	5,7
Asturias	105,9	111,3	5,1
Baleares	103,3	108,4	5,0
Canarias	104,1	109,2	4,9
Cantabria	106,1	110,9	4,6
Castela - A Mancha	104,3	108,3	3,8
Castela e León	106,5	113,8	6,9
Cataluña	104,7	109,3	4,4
C. Valenciana	104,7	109,3	4,4
Estremadura	104,6	111,8	6,9
<b>Galicia</b>	<b>105,8</b>	<b>111,0</b>	<b>4,9</b>
Madrid	105,3	111,2	5,6
Murcia	107,1	113,6	6,1
Navarra	106,8	111,4	4,2
País Vasco	104,1	109,4	5,1
A Ríoxa	104,8	111,7	6,5
Ceuta	106,7	112,6	5,6
Melilla	108,2	113,6	5,0
<b>Total</b>	<b>105,0</b>	<b>110,0</b>	<b>4,8</b>

Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

## 1.2.27.

## • Turismo

O predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade seguen estando entre as principais características da demanda e oferta turística galega. Dunha banda, oitenta de cada cen viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2007 son residentes en España (cincuenta e oito de cada cen no conxunto do Estado). Doutra, o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto en Galicia é do 62,5% case corenta puntos por riba do rexistrado en xaneiro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 74,2% en agosto e o 40,3% no mes de xaneiro.

No que atinxe á oferta turística en Galicia, o **cadro 1.2.28.** amosa os principais datos no que ao aloxamento e actividades de restauración se refire. Con carácter xeral, no último ano rexístrase unha medra dos distintos establecementos turísticos e as súas prazas, así como das empresas e actividades de restauración.

O grao de ocupación hoteleira ponderado por praza en Galicia experimentou un lixeiro incremento en 2007 para situarse no 37,1% (un 56,2% de media en España). No fin de semana, este índice medra ata o 41,3%, máis de catro puntos por riba da ocupación media total (61,4% no conxunto do Estado). Tanto en Galicia como en España os graos de ocupación máximo e mínimo rexistráronse nos meses de agosto (62,5% e 74,2%, respectivamente) e xaneiro (22,7% e 40,3%, respectivamente). O diferencial entre os valores máximos e mínimos, volve a reducirse en 2007, acadando unha diferenza de 39,8 puntos en Galicia fronte aos 33,9 puntos de media en España.

Tendo en conta a porcentaxe de establecementos hoteleiros conectados a internet, ao longo do último ano continuou o proceso de modernización dos hoteis galegos. En 2007, a metade dos establecementos declarou dispor de conexión a internet, cifra superior en máis de cinco puntos á observada no ano anterior. Con todo, no último ano aumenta o diferencial coa media española, que acada un valor do 67,4%.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou unha medra significativa en 2007, cun 4,2% (máis de dous puntos por riba do experimentado no ano precedente), acadando os 3.756.355 viaxeiros (153.071 persoas máis), o que representa o 4,4% dos viaxeiros no conxunto do Estado. O **cadro 1.2.30.** amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que, a pesar da forte medra do número de turistas estranxeiros (12,2%), 80 de cada cen viaxeiros son residentes en España fronte aos 58 de cada cen no conxunto do Estado.

Oferta turística 2006-07: distribución segundo tipo de establecemento

	2006			2007		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Hoteis	724	26.335	47.563	767	27.298	49.491
Hostais, pensións e albergues	955	11.301	19.986	1.005	11.282	20.146
Campings	114	-	34.883	113	-	34.590
Apartamentos	72	846	3.062	88	966	3.518
Establecementos de turismo rural	522	3.129	6.175	540	3.266	6.428

  

Actividades de restauración					
	número	prazas	número	prazas	
Axencias de viaxes	460		506		
Restaurantes	5.237	331.429	5.225	336.612	
Cafeterías	1.540	96.043	1.525	95.406	
Turismo activo	14		15		
Guías de turismo	186		192		

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección Xeral de Turismo

1.2.28.

Graos de ocupación por praza e estadia media en establecementos hoteleiros 2004-07

	Grao de ocupación					
	Galicia			España		
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total	Valor máximo	Valor mínimo
2004	37,8	64,0	20,4	53,5	73,2	38,9
2005	35,8	65,2	20,2	54,3	73,9	39,5
2006	36,8	63,3	22,4	56,4	74,5	40,9
2007	35,9	62,5	22,7	54,6	74,2	40,3

  

	Estadia media					
	Galicia			España		
	Total	Espanois	Estranxeiros	Total	Espanois	Estranxeiros
2004	2,14	2,18	1,94	3,51	2,55	4,88
2005	2,15	2,20	1,92	3,48	2,57	4,78
2006	2,15	2,21	1,89	3,25	2,42	4,40
2007	2,14	2,19	1,95	3,22	2,40	4,34

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

1.2.29.

Viaxeiros, pernoctacións e estadia media en establecementos hoteleiros 2006-07

	2006						Estadia media
	Viaxeiros			Pernoctacións			
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
<b>Galicia</b>	3.603.284	2.946.205	657.079	7.755.521	6.514.906	1.240.615	2,15
A Coruña	1.585.138	1.236.987	348.151	3.232.307	2.576.492	655.815	2,04
Lugo	481.554	413.110	68.444	829.304	729.658	99.646	1,72
Ourense	305.299	280.667	24.632	572.338	525.951	46.387	1,87
Pontevedra	1.231.293	1.015.441	215.852	3.121.572	2.682.805	438.767	2,54
<b>España</b>	82.031.615	47.539.209	34.492.406	267.027.858	115.088.253	151.939.605	3,25

  

	2007						Estadia media
	Viaxeiros			Pernoctacións			
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
<b>Galicia</b>	3.756.355	3.019.035	737.320	8.055.530	6.619.410	1.436.120	2,14
A Coruña	1.667.339	1.263.391	403.948	3.412.565	2.652.315	760.250	2,05
Lugo	512.473	425.940	86.533	866.158	735.494	130.664	1,69
Ourense	312.122	288.677	23.445	625.915	579.811	46.104	2,01
Pontevedra	1.264.421	1.041.027	223.394	3.150.892	2.651.790	499.102	2,49
<b>España</b>	84.733.722	48.821.933	35.911.789	272.331.170	116.831.285	155.499.885	3,22

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

1.2.30.

**Establecementos de turismo rural en Galicia e España 2006-07. Número de viaxeiros e pernoitas, grao de ocupación por praza e estadía media <sup>(1)</sup>**

		2006		2007	
		Galicia	España	Galicia	España
<b>Viaxeiros</b>		155.910	2.425.429	169.991	2.661.357
Residentes		139.906	2.180.235	150.610	2.395.969
Non residentes		16.005	245.194	19.384	265.388
<b>Pernoitas</b>		352.255	7.438.383	376.270	7.969.361
Residentes		319.022	6.134.575	339.525	6.658.467
Non residentes		33.233	1.303.808	36.746	1.310.894
<b>Grao de ocupación media</b>	(%)	16,68	20,94	17,63	20,81
<b>fin de semana</b>		25,11	33,52	27,36	33,70
<b>Estadía media</b>	(en días)	2,26	3,07	2,21	2,99
Residentes		2,28	2,81	2,25	2,78
Non residentes		2,08	5,32	1,9	4,94

(1) media anual

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

### 1.2.31.

Todas as provincias galegas presentaron un incremento do número de viaxeiros, sendo o máis acusado, en termos absolutos, o rexistrado en A Coruña, con 82.201 persoas máis (5,2%), correspondendo novamente a Lugo a taxa de crecemento máis elevada, cun 6,4% (30.919 persoas). O comportamento nestas dúas provincias ven explicado pola forte medra de turistas de nacionalidade estranxeira. Pola contra, en Ourense descende o número de turistas estranxeiros en 1.187 persoas.

Ao longo do ano 2007, as pernoitas experimentaron unha medra do 3,9% respecto os datos do ano precedente (case dous puntos porcentuais por riba da media estatal), acadando unha cifra de 8,1 millóns.

A estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permaneceu practicamente constante nos 2,1 días (no conxunto do Estado esta sitúase nos 3,2 días). En Galicia, tanto no caso dos viaxeiros residentes en España como no dos estranxeiros, a estadía media segue a manterse constante nos 2,2 e 1,9 días, respectivamente. A media española foi de 2,4 días no caso dos viaxeiros residentes en España e de 4,3 días no caso dos estranxeiros (2,4 e 4,4 días no ano anterior).

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado e no ano anterior, o crecemento medio dos prezos hoteleiros e dos ingresos por habitación ralentizouse ao longo do exercicio 2007. Os prezos hoteleiros medraron en Galicia un 2,1%, seis décimas por baixo do rexistrado no ano anterior, en tanto que os ingresos o fixeron nun 1,5% (2,2% no exercicio precedente). No conxunto do Estado, estes incrementos foron do 2,5% e 3,1%, respectivamente.

No concerne aos indicadores de demanda dos establecementos de turismo rural, **cadro 1.2.31.**, o número de viaxeiros aloxados, ao igual que no caso dos establecementos hoteleiros, medrou ao longo do ano 2007. Neste ano, tras unha medra do 9%, o número de viaxeiros acadou as 169.991 persoas, sendo o número de pernoitas de 376.270, un 6,8% superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado co total estatal, onde as dúas variables medraron por riba do 9,7% e 7,1%, respectivamente, se mantén practicamente estable a súa importancia relativa no 6,4% no caso dos viaxeiros e o 4,7% no das pernoitas.

O grao de ocupación por praza situouse en 2007 en Galicia no 17,6%, sendo esta porcentaxe case dez puntos superior no fin de semana (20,8% de media en España). A estadía media nos establecementos galegos en 2007 foi de 2,21 días, case oito décimas por baixo da media estatal, que se situou nos 2,99 días.

*Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2006-07: datos xerais*

		Mercadorías				Pasaxeiros		
		2006	2007	07/06 (%)		2006	2007	07/06 (%)
<b>Estrada</b> (1)	(en miles de Tm.)	101.962	110.707	8,6	(en miles de persoas)	65.284	64.717	-0,9
<b>Ferrocarril</b> (2)		2.057.138	2.030.052	-1,3		347.623	319.428	-8,1
<b>Marítimo</b> (3)		32.327.465	34.103.291	5,5		179.043	205.357	14,7
<b>Marítimo</b> (4)	(en Tm.)	1.519.709	1.489.602	-2,0	(en persoas)	1.453.982	1.393.536	-4,2
<b>Aéreo</b> (5)		4.394.249	4.993.887	13,6		4.197.504	4.667.954	11,2

(1) Os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ao transporte urbano en autobús

(2) datos con orixe nas estacións galegas. Os datos de viaxeiros corresponde aos de longa distancia

(3) tráfico nos portos do Estado

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.

(5) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (OTC)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Puertos del Estado, Portos Galicia, Renfe e AENA

1.2.32.

Atendendo á procedencia dos viaxeiros entrados nos establecementos de turismo rural, cómpre salientar que case o a metade dos turistas aloxados son galegos, e que vinte de cada cen son madrileños. Oitenta e nove de cada cen persoas que se aloxaron nestes establecementos en 2006 son residentes en España.

• Transporte

Unha primeira aproximación ao estudo dos transportes está recollida no **cadro 1.2.32.**, onde se resumen os datos correspondentes a mercadorías e viaxeiros nas diferentes modalidades de transporte. A estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo no caso das mercadorías.

A venda total de combustibles líquidos incrementouse de maneira importante ao longo do ano 2007 (13,2% no ano anterior), acadando un total de 3.541,2 miles de toneladas. Esta medra ven motivada pola evolución do gasóleo, cuxas vendas medraron un 10,9% respecto ás do ano anterior, en tanto que as vendas de gasolina volven a descender no último ano (0,9%).

Ao longo de 2007 volve a medrar o número de vehículos matriculados, acadando os 109.951 vehículos, 3.450 (un 3,2%) máis que os matriculados no ano anterior. Este incremento prodúcese basicamente no caso dos turismo e as motocicletas, cunhas medras de 1.461 e 1.256 vehículos, respectivamente.

No caso do transporte urbano, o número de viaxeiros transportados en autobús rexistrou un descenso do 0,9% en relación ao ano 2006, acadando os 64,7 millóns de viaxeiros en 2007. Comparado co total estatal, estes viaxeiros representan o 3,5% do total de viaxeiros transportados en autobús.

O volume de mercadorías transportadas en Galicia experimentou unha medra superior á do conxunto do Estado. Ao longo do 2007, tras un crecemento do 8,6% (2,6 puntos por riba da media estatal) o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 110.707 miles de toneladas (o 6,6% do total estatal). O **cadro 1.2.34.** amosa o incremento do peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego, que ascendeu ata o 26,3% (case catro puntos máis que en 2006), sendo en España esa porcentaxe do 22,7%.

O volume total de mercadorías transportadas por ferrocarril, **cadro 1.2.35.**, rexistrou unha caída do 37% respecto ao ano anterior. Este descenso veu motivado pola forte caída rexistrada en Lugo (56,7%) e, en menor medida, en Pontevedra (0,9%). A Coruña, tras unha medra do 4,7%, continúa sendo a que presenta o maior volume de transporte de mercadorías, ao acoller o 62,15% do volume total do tráfico ferroviario, sendo esta porcentaxe de case o 30% en Pontevedra.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

**Transporte urbano e metropolitano: viaxeiros transportados en  
autobús e metro nas CC.AA. 2006-07 (1)**

	2006	2007	07/06
	(en miles de persoas)		(%)
<b>Total autobús</b>	1.851.837	1.857.594	0,3
Andalucía	243.528	247.220	1,5
Aragón	124.877	129.943	4,1
Asturias	39.020	39.867	2,2
Canarias	58.764	57.952	-1,4
Castela e León	74.148	75.071	1,2
Castela - A Mancha	14.722	17.989	22,2
Cataluña	328.176	339.581	3,5
C. Valenciana	146.730	147.835	0,8
Estremadura	13.528	13.417	-0,8
<b>Galicia</b>	<b>65.284</b>	<b>64.717</b>	<b>-0,9</b>
Madrid	546.726	516.810	-5,5
Murcia	20.829	21.573	3,6
País Vasco	72.652	75.748	263,7
Outras	102.851	109.872	51,2
<b>Total metro</b>	<b>1.155.524</b>	<b>1.213.351</b>	<b>5,0</b>
Barcelona	353.725	369.327	4,4
Bilbao	79.779	85.953	7,7
Madrid	657.431	690.108	5,0
Valencia	64.589	67.962	5,2

(1) 2007 datos provisionais

Fonte: INE, Estadística de transporte de viajeros

## 1.2.33.

**Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2006-07: mercadorías cargadas e  
descargadas**

	2006		2006		06/05
	(en miles de Tm.)	(% interrexional)	(en miles de Tm.)	(% interrexional)	(%)
Andalucía	261.415	19,3	268.933	21,1	2,9
Aragón	84.790	55,3	96.125	51,7	13,4
Asturias	50.959	37,3	57.438	37,6	12,7
Baleares	23.231	-	22.985	-	-1,1
Canarias	37.012	-	35.012	-	-5,4
Cantabria	38.434	45,8	43.452	41,7	13,1
Castela-A Mancha	140.570	58,1	169.649	53,0	20,7
Castela e León	163.071	40,2	176.839	40,2	8,4
Cataluña	295.694	24,3	311.695	24,7	5,4
C. Valenciana	256.869	33,4	266.279	35,0	3,7
Estremadura	35.741	43,5	38.905	40,5	8,9
<b>Galicia</b>	<b>101.962</b>	<b>22,4</b>	<b>110.707</b>	<b>26,3</b>	<b>8,6</b>
Madrid	186.805	52,4	186.905	53,5	0,1
Murcia	76.280	49,2	81.492	49,5	6,8
Navarra	44.302	59,2	47.058	54,2	6,2
País Vasco	108.243	45,8	117.683	47,4	8,7
A Rioxa	26.206	57,6	23.304	62,3	-11,1
<b>Total</b>	<b>1.578.525</b>	<b>22,3</b>	<b>1.673.517</b>	<b>22,7</b>	<b>6,0</b>

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

## 1.2.34.

**Tráfico ferroviario de viaxeiros (longa distancia) e mercadorías 2006-07**

	Orixe					
	2006		2007		07/06	
	Viaxeiros	Mercadorías	Viaxeiros	Mercadorías	Viaxeiros	Mercadorías
	(en Tm.)		(en Tm.)		(%)	
<b>Galicia</b>	347.623	2.057.137,5	319.428	2.030.052,5	-8,1	-1,3
A Coruña		1.204.166,5		1.260.673,4		4,7
Lugo		153.960,9		66.595,5		-56,7
Ourense		91.951,2		101.081,6		9,9
Pontevedra		607.059,0		601.702,0		-0,9
<b>España</b>	<b>18.355.306</b>	<b>24.821.912,4</b>	<b>18.304.296</b>	<b>24.737.002,0</b>	<b>-0,3</b>	<b>-0,3</b>

Fonte: Renfe

## 1.2.35.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral creceu de xeito importante ao longo de 2007, cun incremento do 14,7% (7,4% no caso dos conxunto dos portos do Estado). En termos absolutos, o volume total de pasaxeiros ascendeu no último ano a 205.357 persoas (o 0,8% do total estatal), dos que o porto de Vigo absorbeu máis do setenta por cento dos pasaxeiros (146.935 persoas), e o de A Coruña, un 24,5% (50.294 pasaxeiros). A diferenza do acontecido en 2006, cómpre salientar o incremento de case 18.000 pasaxeiros rexistrado no porto Vigo (un 13,7% máis).

Asemade, o ano 2007 presentou una maior dinamismo no crecemento do tráfico portuario. Tras un incremento do 5,5%, os portos de interese xeral moveron un total de 34.103,3 miles de toneladas (o 7,1% do total estatal), sendo o de A Coruña o de maior movemento, ao acoller o 42,1% do tráfico total de mercadorías (14.371,4 miles de toneladas). Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Vilagarcía, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o de Ferrol-San Cibrao, cunha medra próxima ao 9%.

O movemento de mercadorías máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 15.003,9 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 58,2% (8.727,8 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 27,6% (4.137,1 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líquidos, con 10.322,4 miles de toneladas, das que 8.345,4 miles (80,8%) corresponden ao porto de A Coruña.

Asemade, hai que salientar a elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca. A pesar do descenso experimentado nos portos galegos, estes moven máis da metade do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2007, sendo o porto de Vigo o máis importante ao acoller o 73,9% do total de Galicia (89.723 toneladas) e case o 40% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos pertencentes a Portos de Galicia, o tráfico total de mercadorías cargadas e descargadas no ano 2007 descendeu un 2% para situarse nas 1.489.602 toneladas (o 46,8% corresponde a dunita). O porto de Cariño segue sendo o que presenta o maior movemento de mercadorías, con 696.963 toneladas (un 9,7% máis que en 2006), seguido do porto de Ribadeo, con 358.388 toneladas (un 5,4% menos). Entre ámbolos dous portos acollen as dúas terceiras partes do volume total de mercadorías (**cadro 1.2.38**).

No que atinxe ao transporte aéreo, o número de aeronaves nos aeroportos galegos medrou un 2,7% respecto ao ano precedente como resultado, novamente, dunha medra nos aeroportos de A Coruña e Vigo, que compensan a caída do 2,4% en Santiago. Ao longo do ano 2007, o número total de operacións ascendeu a 51.992, das que o 42,5% se realizan no aeroporto de Santiago (22.088 aeronaves), fronte ao 32,1% en Vigo (16.665 aeronaves) e ao 25,5% en A Coruña (13.239 aeronaves). O aeroporto de A Coruña foi o que experimentou a maior medra, cunha taxa de crecemento do 7%, seguido do aeroporto de Vigo, cun 6,5% máis que en 2006.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos medrou dun xeito considerable, acadando os 4.667.954 persoas, un 11,2% superior ao rexistrado en 2006. Este incremento experimentouse nos tres aeroportos, sendo do 23,3% no aeroporto de A Coruña e do 18,3% no de Vigo, mentres que no aeroporto de Santiago esta medra foi tan só do 0,8%. Este último é quen acolle ao maior número de viaxeiros, con 2.010.743 pasaxeiros (o 43,1% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Vigo, con 1.405.614 persoas (30,1%) e A Coruña, con 1.251.597 pasaxeiros (26,8%).

En relación ao tráfico de mercadorías, no último ano prodúcese, por mor do forte incremento no aeroporto de Vigo, un importante crecemento do volume total de mercadorías transportadas, acadando as 4.993,9 toneladas, un 13,6% superior ao volume transportado en 2006. Fronte a unha caída de case un 50% rexistrada no aeroporto de A Coruña e a medra do 6,3% no de Santiago, o aeroporto de Vigo presentou no último ano un crecemento de case un 60% no volume total de mercadoría transportada. A pesar desta evolución, Santiago acolle o 55,1% da mercadoría transportada en Galicia, en tanto que o de Vigo acolle o 39,1% de tráfico aeroportuario, e o de A Coruña, o 5,8%.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

## Tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral 2006-07

	Pasaxeiros		
	2006	2007	07/06 (%)
<b>Total</b>	<b>179.043</b>	<b>205.357</b>	<b>14,7</b>
Ferrol-San Cibrao	2.984	3.158	5,8
A Coruña	39.988	50.294	25,8
Marín-Pontevedra	-	-	-
Vigo	129.268	146.935	13,7
Vilagarcía	6.803	4.970	-26,9
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>24.217.112</b>	<b>26.017.407</b>	<b>7,4</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>0,7</b>	<b>0,8</b>	

Fonte: Ministerio de Fomento, Boletín Estadístico

## 1.2.36.

## Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2006-07

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	936.920	1.479.655	8.648.354	8.727.877	557.658	832.489
A Coruña	8.204.511	8.345.413	4.092.576	4.137.065	1.138.618	1.399.213
Marín-Pontevedra	952	10	891.956	937.577	873.651	977.312
Vigo	82.031	81.189	700.635	631.291	3.916.892	4.309.901
Vilagarcía	334.244	416.135	613.258	570.068	246.426	205.305
<b>Total</b>	<b>9.558.658</b>	<b>10.322.402</b>	<b>14.946.779</b>	<b>15.003.878</b>	<b>6.733.245</b>	<b>7.724.220</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>149.924.383</b>	<b>150.804.470</b>	<b>112.937.824</b>	<b>116.802.856</b>	<b>184.377.302</b>	<b>200.656.338</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>6,4</b>	<b>6,8</b>	<b>13,2</b>	<b>12,8</b>	<b>3,7</b>	<b>3,8</b>

  

	Pesca fresca		Avituallamento		Total	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	151	120	24.927	27.452	10.168.010	11.067.593
A Coruña	29.869	27.934	415.458	461.810	13.881.032	14.371.435
Marín-Pontevedra	4.366	3.644	65.495	43.481	1.836.420	1.962.024
Vigo	91.998	89.723	445.942	390.840	5.237.498	5.502.944
Vilagarcía	-	-	10.577	7.787	1.204.505	1.199.295
<b>Total</b>	<b>126.384</b>	<b>121.421</b>	<b>962.399</b>	<b>931.370</b>	<b>32.327.465</b>	<b>34.103.291</b>
<b>Total Portos do Estado</b>	<b>238.265</b>	<b>226.167</b>	<b>14.099.171</b>	<b>14.621.484</b>	<b>461.576.945</b>	<b>483.111.315</b>
<b>G/E (%)</b>	<b>53,0</b>	<b>53,7</b>	<b>6,8</b>	<b>6,4</b>	<b>7,0</b>	<b>7,1</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Puertos del Estado e das Autoridades Portuarias

## 1.2.37.

## Movemento de mercadorías descargadas e cargadas nos portos xestionados por Portos de Galicia 2006-07

	2006		2007		06/05
	(en Tm.)	(%)	(en Tm.)	(%)	(%)
A Pobra	115.462	7,8	97.472	6,5	-15,6
Burela	42.080	2,8	30.231	2,0	-28,2
Cangas	154	0,0	52	0,0	-66,2
Cariño	635.168	42,6	696.963	46,8	9,7
Cee	182.396	12,2	193.714	13,0	6,2
Laxe	3.200	0,2	-	-	-100,0
Pontecesures	2.540	0,2	2.170	0,1	-14,6
Ribadeo	378.819	25,4	358.388	24,1	-5,4
Ribeira	69.992	4,7	30.899	2,1	-55,9
Sada-Fontán	10.338	0,7	4.050	0,3	-60,8
Viveiro-Celeiro	79.560	5,3	75.569	5,1	-5,0
<b>Total</b>	<b>1.519.709</b>	<b>102</b>	<b>1.489.602</b>	<b>100</b>	<b>-2,0</b>

Fonte: Portos de Galicia

## 1.2.38.



*Tráfico comercial aéreo 2006-07: operacións, pasaxeiros e mercadorías (1)*

**operacións**

	2006	2007		07/06	
		Total	Nacional		Internacional
				(%)	
A Coruña	12.371	13.239	11.473	1.766	7,0
Santiago	22.624	22.088	18.609	3.479	-2,4
Vigo	15.645	16.665	13.323	3.342	6,5
<b>Total</b>	<b>50.640</b>	<b>51.992</b>	<b>43.405</b>	<b>8.587</b>	<b>2,7</b>
<b>Total España</b>	<b>1.976.073</b>	<b>2.127.500</b>	<b>1.047.361</b>	<b>1.080.139</b>	<b>7,7</b>
G/E (%)	2,6	2,4	4,1	0,8	

**pasaxeiros**

	2006	2007		07/06	
		Total	Nacional		Internacional
				(%)	
A Coruña	1.014.939	1.251.597	1.163.370	88.227	23,3
Santiago	1.994.519	2.010.743	1.678.018	332.725	0,8
Vigo	1.188.046	1.405.614	1.307.194	98.420	18,3
<b>Total</b>	<b>4.197.504</b>	<b>4.667.954</b>	<b>4.148.582</b>	<b>519.372</b>	<b>11,2</b>
<b>Total España</b>	<b>193.553.178</b>	<b>208.546.307</b>	<b>89.047.025</b>	<b>119.499.282</b>	<b>7,7</b>
G/E (%)	2,2	2,2	4,7	0,4	

**mercadorías**

	2006	2007		07/06	
		Total	Nacional		Internacional
				(%)	
		<i>(en Kg.)</i>			
A Coruña	554.039	291.307	260.444	30.863	-47,4
Santiago	2.587.799	2.749.964	2.626.615	123.349	6,3
Vigo	1.252.411	1.952.616	834.164	1.118.452	55,9
<b>Total</b>	<b>4.394.249</b>	<b>4.993.887</b>	<b>3.721.223</b>	<b>1.272.664</b>	<b>13,6</b>
<b>Total España</b>	<b>613.602.370</b>	<b>624.107.905</b>	<b>217.149.823</b>	<b>406.958.082</b>	<b>1,7</b>
G/E (%)	0,7	0,8	1,7	0,3	

(1) Non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)  
Fonte: AENA

1.2.39.

• **Comunicacións**

Un primeiro aspecto que se pode salientarse é que a pesar da medra do uso da rede internet en Galicia, este segue sendo aínda baixo en relación a media estatal. Segundo os datos da enquisa da AIMC (Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación), a porcentaxe de persoas de 14 ou máis anos que usaron internet no mes anterior á enquisa foi do 33% (31,2% no ano anterior) fronte ao 41,1% de media no conxunto do Estado (37,5% en 2006). Comparado coa situación no resto das CC.AA., Galicia sitúase só por diante de Estremadura (24,4%).

No que atinxe ao servizo postal, a correspondencia distribuída en Galicia (excluída a correspondencia electoral) descendeu un 6,5% ao longo do ano 2007, para acadar os 338.151 miles de envíos. A provincia de A Coruña acolle o 44,3% da correspondencia distribuída (149.911 miles de obxectos) fronte ao 33,4% da provincia de Pontevedra (112.848 miles de obxectos). Todas as provincias galegas presentaron un descenso da correspondencia distribuída, salientando unha caída superior ao 10% en Lugo e Pontevedra (**cadro 1.5.40.**) .

A correspondencia nacida en Galicia descendeu un 11,8% respecto á rexistrada no ano anterior, situándose nos 169.261 miles de envíos. O 61,8% destes envíos correspon-

1.1.  
1.2.  
1.3.  
1.4.  
1.5.  
1.6.  
2.1.  
2.2.  
2.3.  
3.1.  
3.2.  
3.3.  
3.4.  
3.5.  
3.6.  
4.1.  
4.2.

**Correspondencia postal nacida e distribuída e investimentos de Correos e Telégrafos 2006-07**

	Correspondencia nacida (1)			Correspondencia distribuída			Investimento
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06	2007
	(en miles de obxectos)		(%)	(en miles de obxectos)		(%)	(en €)
<b>A Coruña</b>	100.338	104.536	4,2	152.336	149.911	-1,6	4.886.093
<b>Lugo</b>	10.867	8.905	-18,1	46.879	41.864	-10,7	732.423
<b>Ourense</b>	8.589	7.164	-16,6	36.832	33.528	-9,0	593.381
<b>Pontevedra</b>	72.212	48.656	-32,6	125.575	112.848	-10,1	3.147.870
<b>Total</b>	192.006	169.261	-11,8	361.622	338.151	-6,5	9.359.767

(1) excluída a correspondencia electoral e das oficinas de cambio  
Fonte: Correos y Telégrafos

**1.2.40.**

den á provincia de A Coruña, a única que experimentou un crecemento do número de obxectos, e un 28,7% á de Pontevedra.

Comparado co ano anterior, xunto á medra de case 4.200 miles de obxectos en A Coruña (4,2%), cómpre salientar o forte descenso rexistrado en Pontevedra, con 23.556 miles de obxectos menos (32,6%), así como a caída experimentada en Lugo e Ourense, cun descenso do 18,1% e 16,6%, respectivamente.

Hai que destacar unha nova redución do investimento de Correos en Galicia ao longo do ano 2007, acadando os 9,4 millóns de euros, un 23% menos que no ano anterior (2,8 millóns de euros). ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.